



# PLAN DE CONVIVENCIA

**CPI PLURILINGÛE CABO DA AREA**

# ÍNDICE

## **1. Xustificación**

- 2. Análise da situación
- 3. Obxectivos

## **2. Comisión de convivencia**

- 2.1 Composición
- 2.2 Funcións

## **3. Normas de convivencia dereitos e deberes do alumnado/profesorado**

- 3.1. Normas de convivencia
- 3.2. O alumnado
  - 3.2.1 Dereitos
  - 3.2.2 Deberes
- 3.3 O profesorado
  - 3.3.1 Dereitos
  - 3.3.2 Deberes
- 3.4 Acción titorial

## **4. Conductas contrarias as normas de convivencia e corrección das mesmas**

- 4.1 Procedemento para a corrección das conductas perxudiciais para a convivencia no centro
- 4.2 Concreción das conductas contrarias a convivencia
  - 3. Protocolo de actuación

## **5.ACOSO ESCOLAR**

- 5.1 Tratamento do protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar ciberacoso.
- 5.2 Identificación do acoso

- 5.3 Protocolo de actuación
- 5.4 Adopción das medidas
- 5.5 Estratexias de prevención

## **6. Mecanismos de coordinación e colaboración no desenvolvemento do plan**

- 6.1 Seguimento, avaliación e propostas de mellora do plan

## **7. Estratexias para a difusión do plan de convivencia**

## **8. Procesos de seguimento e avaliación do plan de convivencia**

## **9. Proposta de mellora do plan de convivencia**

## **10. Programa de mediación**

- 10.1 Obxectivos
- 10.2 Avaliación e instrumentos que aportan información

## **11. Equipo de mediación**

## **12. Aula inclusiva de convivencia**

- 12.1 Obxectivos
- 12.2 Composición
- 12.3 Condicións para a derivación do alumno a aula de convivencia

## **1.- XUSTIFICACIÓN**

A escola tradicional tiña unha función primordial: ensinar ás novas xeracións os coñecementos adquiridos ó longo dos séculos. No entanto, os cambios experimentados pola sociedade pídenlle á escola que se adapte ás novas necesidades actuais, e así a súa función de transmisión de saber, vese ampliada ata chegar ás funcións que Delors define como os catro piares da educación actual:

- aprender a ser
- aprender a facer
- aprender a aprender
- aprender a convivir

A convivencia non ten un carácter aleatorio. É unha aprendizaxe máis, que require un adestramento das habilidades socio-emocionais, polo que é preciso incluír este adestramento no sistema educativo actual.

Se botamos un ollo ós conflitos presentes nas aulas, todos son un reflexo da ausencia de competencias socio-emocionais:

- faltas de respecto ós compañeiros e ós profesores
- falta de autocontrol
- ausencia de límites, etc.

Por outra parte, os artigos 120 e 124 da Lei orgánica 2/2006, na redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establecen a autonomía dos centros na elaboración das súas normas de convivencia e das de organización e funcionamento. O mesmo artigo 124 dispón que os centros educativos elaborarán un plan de convivencia no que se recollan todas as actividades que se programen co fin de fomentar un bo clima de convivencia dentro do centro escolar, DOG Núm. 17 Martes, 27 de enero de 2015 (<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>) así como a concreción dos dereitos e deberes do alumnado e das medidas correctoras aplicables no caso de incumprimento das normas de convivencia, considerando que estas son de obrigado cumprimento e as medidas correctoras serán

proporcionadas ás faltas cometidas e terán un carácter educativo e recuperador, procurando a mellora nas relacións de todos os membros da comunidade educativa.

A convivencia escolar é a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade mutua, expresada na interrelación armoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa. Ten un enfoque formativo, ó tratarse dun aprendizaxe enmarcado en obxectivos fundamentais e transversais e, a súa vez, é unha responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa.

O plan de convivencia é o documento no que se articula a convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar, os obxectivos específicos que fai falta acadar, as normas que a regulan e as actuacións que se deben realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos proxectados. En definitiva, é un proxecto de reflexión e pensamento no que se sinalan as liñas de actuación para a mellora da convivencia no centro docente, e por iso o proxecto educativo de cada centro incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Ley 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. Dito plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as CVE-DOG: iqr4e5c5-x153-t8p2-qup8-byqadvw4u675 DOG Núm. 17 Martes, 27 de enero de 2015 Pág. 3887 ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 <http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia> directrices básicas e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

Os procesos de corrección non constitúen unicamente a consecuencia do exercicio da potestade sancionadora da Administración senón que, fundamentalmente, forman parte do desenvolvemento educativo do alumnado. Distínguese entre as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e as condutas leves contrarias á convivencia,

## **1.2.- ANÁLISE DA SITUACIÓN**

Ao tratarse dun centro pequeno e pola situación de estar nun medio rural-costeiro, a maioría do alumnado ten os seus bos amigos tanto na clase como no centro en xeral.

### **Normas e coidado das instalacións do centro**

Cabe destacar as pintadas nas mesas e paredes e tirar lixo ao chan .

Polo resto respectáanse as instalacións e o material do centro.

### **As conductas negativas frecuentes no centro son:**

Non soe haber conductas negativas frecuentes é un centro sen problemas de convivencia a destacar. Os casos recollidos son:

- Insultos directos ou mediante o móbil.
- Chegar tarde nos intercambios de clase.
- Dicar mentiras mal intencionadas.
- Facer caso de rumores, que van de boca en boca ou mediante o móbil, e vulgar ao alumnado por ditos comentarios.
- Falar na clase sen causa xustificada.
- Non deixar dar a clase ao profesorado por estar falando.
- Non facer as tarefas encomendadas para a casa.
- Poñer alcumes.
- Non atender ás explicacións.
- Entrar e saír da clase sen permiso.

### **Espazos onde hai problemas de convivencia**

- A través de internet, xa sexa no móbil ou no ordenador.
- Ao entrar ou saír da clase.
- Ao entrar ou saír do recinto do centro.
- No transporte escolar.
- Nos aseos.
- Nos corredores.

### **Informe sobre alguna conducta negativa, acoso, agresión ou falta de respecto**

A maioría do alumnado afirma non padecer ningún tipo de estas conductas. Os casos nos que si se produciu o propio alumno/a resolviuno por si só ou pedíndolle axuda a algún adulto do centro. As persoas que sufriron ditas conductas foron por propios compañeiros da clase. A persoa que realizou tal conducta foi sancionada polo centro na maioría dos casos por aviso á familia/titores legais, quedar sen recreo algún día ou ben mediante unha expulsión temporal da aula.

### **1.3.- OBXECTIVOS**

a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de forma excelente os recursos que a sociedade pon a disposición do alumnado no posto escolar.

b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.

c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.

d) O recoñecemento ó profesorado, en especial ós membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e correxir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.

e) A corresponsabilidade das nais e dos pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas, pupilos ou pupilas.

f) A promoción da resolución pacífica dos conflitos e o fomento de valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.

g) O avance no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.

h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

## 2. A COMISIÓN DE CONVIVENCIA

O decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar fai referencia no seu artigo 6º á organización e funcionamento da Comisión de Convivencia Escolar nos centros educativos.

### 2.1 Composición

Segundo o artigo 6º do decreto 8/2015 os centros educativos non universitarios temos que crear unha Comisión de Convivencia no seo do Consello Escolar, que funcionará en Pleno, e integrará o principio de igualdade entre homes e mulleres de todos os sectores da comunidade educativa. Constituirase con membros representados do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos a proposta do director e os seus membros poden coincidir cos do consello escolar, pero non teñen que ser necesariamente os mesmos.

No noso centro creamos a **Comisión de Convivencia** con membros de todos os sectores da comunidade educativa. Está constituída na primeira reunión do Consello Escolar tras a súa renovación (novembro 2016) e está composta por:

**Presidente:** Juan C Linares Regueira

**Xefe de Estudos de Primaria :** Laura Romero Rodríguez

**Xefe de Estudos de Secundaria :** José Ramón Moreira Arincón.

**Representante do profesorado:** M<sup>a</sup> Asunción del Valle Cortiñas

**Orientadora e encargada das iniciativas e programas de coeducación**

**e dinamizadora da convivencia:** María García Quintela (xefa do Departamento de Orientación que substituíu a Vanesa Naya Lorenzo en xaneiro de 2017)

**Representante do alumnado :** Lucas Tajés Cundíns

**Representantes dos pais/nais:** Silvia T. Bouzas Martínez e Maica Charlín Suená

Os nomeamentos das persoas integrantes do Consello para a Comisión de Convivencia Escolar serán por un período de dous anos a partir da data da reunión do Consello Escolar e será renovable por dous máis. No suposto de que un dos membros perdesa a súa representatividade, será designada unha persoa substituta, conforme ao sinalado anteriormente e polo tempo que reste de exercicio no cargo ao anterior.

Esta comisión de convivencia manterá **tres reunións anuais de carácter ordinario**, unha por trimestre, e con **carácter extraordinario** tantas veces



**sexa convocado pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.**

Unha das persoas nomeadas anteriormente, con destino no centro educativo, actuará como secretario/a e levantará acta das reunións.

A comisión de convivencia estará aberta á participación do profesorado titor relacionado co tema que se trate e se analice e dos demais profesionais da sanidade, dos servizos sociais, e das asociación do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia escolar.

## **2.2 Funcións**

Segundo o apartado 4 do artigo 6º do Decreto 8/ 2015, do 8 de xaneiro polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño , de convivencia e polo que se regula a Comisión de Convivencia Escolar os centros educativos exercerán por delegación do consello escolar as seguintes función específicas :

- a. Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b. Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de 2.2.todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c. Impulsar acción dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d. Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e. Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.

- f. Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g. Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- h. Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- i. Aquelas outras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos / as profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello onde estea o centro educativo ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociación do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

Segundo o artigo 10º apartado 6 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro polo que se crea e se regula a Comisión de Convivencia, o presidente da Comisión do Centro Educativo correspóndelle as seguintes funcións :

- a. Desempeñar a representación da Comisión de Convivencia, actuando como o seu voceiro/a.
- b. Acordar a convocatoria de sesión ordinarias, extraordinarias, así como a fixación da orde do día.
- c. Presidir as reunións e moderar o desenvolvemento destas.
- d. Garantir o cumprimento das disposicións legais deste decreto.

- e. Realizar cantas outras funcións sexan inherentes á Presidencia do Consello.

Segundo o artigo 10º apartado 8 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro polo que se crea e se regula a Comisión de Convivencia, aos membros do **Consello para a Convivencia Escolar correspóndelles as seguintes funcións:**

- a. Asistir ás reunións e participar nos debates, exponendo a súa opinión e formulario propostas que consideran convenientes.
- b. Propoñerlle á Presidencia, a través da Secretaría, a inclusión de puntos na orde do día das sesións ordinarias e formular outras intervencións. Cando a proposta de inclusión na orde do día presentada por un terzo dos membros, o tema incluírase na devandita orde do día.

### **3. Normas de convivencia do centro, con a concreción dos dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa, así como un protocolo que contribuya á detección ou incumprimento das mesmas.**

#### TIPOS DE CONFLICTOS MÁIS FRECUENTES

Segundo se reflicten nos partes de incidencia emitidos nos últimos anos e segundo o grupo de traballo que elabora o Plan de Convivencia son:

- Disrupción na aula: falta de respecto cara ao profesor/a, falar a destempo, levantarse sen permiso, falar con compañeiros/as,....
- Distracción e falta de atención.
- Esquezo do material para o desenvolvemento da clase.
- Faltas inxustificadas de puntualidade ou de asistencia a clase.
- Desconsideración cara aos compañeiros/as
- Cuestionase continuamente a autoridade do profesor/a
- Pequenas pelexas en espazos comúns (baños, patio, corredores,...), insultos de tipo racista, sexista, ou sobre as características físicas

#### **3.1 NORMAS DE CONVIVENCIA**

##### **3.2 O ALUMNADO**

As normas de convivencia favorecerán as relacións entre os distintos membros da comunidade educativa.

Expresarán a regulación da convivencia no centro dentro dos límites que presenta o actual ordenamento legal en canto ós dereitos e deberes dos alumnos, e incluíranse as normas disciplinarias do centro.

### **3.2.1 DEREITOS DOS ALUMNOS E ALUMNAS**

- 1.- Os alumnos e alumnas teñen dereito a recibir unha formación que asegure o desenvolvemento da súa personalidade.
- 2.- O pleno desenvolvemento da súa personalidade esixe unha xornada de traballo escolar acomodada á súa idade e unha planificación equilibrada das súas actividades de estudo.
- 3.- Tódolos alumnos e alumnas teñen dereito ás mesmas oportunidades de acceso ós distintos niveis de ensinanza.
- 4.- A igualdade de oportunidades promoverase mediante:
  - a. A non discriminación por razón de nacemento; raza; sexo; capacidade económica; nivel social; convicións políticas, morais ou relixiosas, así como por discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
  - b. O establecemento de medidas compensatorias que garantan a igualdade real e efectiva de oportunidades.
- 5.- Os alumnos e alumnas teñen dereito a que o seu rendemento escolar sexa avaliado con plena obxectividade.
- 6.- A fin de garantir a función formativa que ha de ter a avaliación e lograr unha maior eficacia do proceso da aprendizaxe dos alumnos e alumnas, os titores/as e os profesores/as manterán unha comunicación fluida con estes/as e os seus pais no relativo ás valoracións sobre o aproveitamento académico dos alumnos e alumnas e á marcha do seu proceso de aprendizaxe, así como das decisións que se adopten como resultado de dito proceso.
- 7.- Tódolos alumnos e alumnas teñen dereito á Orientación escolar e profesional para acadar o máximo desenvolvemento persoal, social e profesional de acordo coas súas capacidades, aspiracións, ou intereses.
- 8.- Tódolos alumnos e alumnas teñen dereito a que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
- 9.- Os alumnos e alumnas teñen dereito a que se respecte a súa liberdade de conciencia e as súas convicións relixiosas, morais ou ideolóxicas.

10.- Os alumnos e alumnas teñen dereito a que se respecte a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal. Non poderán ser obxecto, en ningún caso, de abusos vexatorios ou degradantes.

11.- Todo alumno/a ten dereito a unha participación activa na vida escolar e nos órganos de goberno de acordo coa normativa legal vixente.

12.- Os alumnos e as alumnas teñen dereito a elixir, mediante voto directo e secreto, os seus representantes no Consello Escolar e os delegados/as de grupo.

13.- Os delegados/as de grupo terán as atribucións que lles asigne o presente Regulamento.

14.- Os alumnos e as alumnas teñen dereito á liberdade de expresión sen menoscabo dos dereitos de tódolos membros da comunidade educativa e o respecto que merecen as institucións de acordo cos principios e dereitos constitucionais.

15.- Os alumnos e as alumnas teñen dereito a manifestar a súa discrepancia respecto ás decisións educativas que lles afecten.

16.- Os alumnos/as teñen dereito a utilizar as instalacións do centro coas limitacións derivadas da programación de actividades escolares e extraescolares e coas precaucións necesarias para a conservación dos recursos e o correcto destino dos mesmos.

17.- Todo alumno/a ten dereito a recibir información de posibles axudas que compensen carencias de tipo familiar, económico, social ou cultural, así como das canles a seguir para conseguilas.

18.- Todo alumno/a ten dereito a coñecer as normas de convivencia que rexen no centro, así como o presente Regulamento.

### **3.2.2 DEBERES DOS ALUMNOS E ALUMNAS**

1.- O estudo constitúe un deber básico dos alumnos e alumnas e concrétese nas seguintes obrigas:

- **Asistir a clase con puntualidade e participar nas actividades orientadas ó desenvolvemento dos plans de estudo.**
- **Cumprir e respectar os horarios.**
- **Seguir as orientacións do profesorado respecto da súa aprendizaxe e mostrarlle o debido respecto e consideración.**
- **Respectar o exercicio do dereito ó estudio dos seus compañeiros e compañeiras.**

2.- Os alumnos e alumnas deben respectar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morais así como a dignidade, a integridade e a intimidade dos membros da comunidade educativa.

3.- Constitúe un deber dos alumnos/as a non discriminación de ningún membro da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

4.- Os alumnos e as alumnas deben coidar e utilizar correctamente as instalacións escolares, mobiliario e material, tanto do Centro como o dos seus compañeiros e compañeiras.

5.- Os alumnos e as alumnas teñen o deber de participar, na medida na que o permita a súa idade, na vida e organización escolar do centro.

6.- Todo alumno/a deberá vir debidamente aseado/a.

7.- Todo alumno/a deberá traer o seu material escolar, indispensable para a realización das súas actividades docentes.

8.- Todo alumno/a xustificará as súas faltas de asistencia, cando o requira o seu titor mediante un escrito ou pola presenza dos seu pais ou titores.

9.- Todo alumno/a do Centro permanecerá no recinto escolar durante o tempo que dure

a xornada escolar, non sendo que estea debidamente autorizado para poder saír.

10.- Todo alumno/a deste centro, polo feito de estar matriculado/a nel, está suxeito/a á totalidade do articulado no presente Regulamento, sen ningunha exención, e obrigado/a cumprilo.

## **FUNCÍONS DOS DELEGADOS**

Corresponde ós delegados /as de grupo:

- 1.- Asistir ás reunións da xunta de delegados e participar nas súas deliberacións.
- 2.- Expoñer ás autoridades académicas as suxestións e reclamacións do grupo ó que representan.
- 3.- Fomenta-la convivencia entre os alumnos e alumnas do seu grupo.
- 4.- Colaborar cos profesores e profesoras e co equipo directivo do centro para o seu bo funcionamento.
- 5.- Coidar da adecuada utilización do material e das instalacións do centro.

#### **DEREITOS E OBRIGAS DOS DELEGADOS**

- 1.- Dereito de reunión, solicitando esta con tempo suficiente ó Titor, coordinador de Ciclo ou Director.
- 2.- Dispor de tempo para informar á clase.
- 3.- Ser informados de tódalas decisións que lles afecten.

#### **NORMAS DE CONVIVENCIA**

- 1.- Nas horas de recreo e antes e despois das comidas os alumnos/as non poderán permanecer dentro das aulas nin nos corredores sen autorización e sen estar baixo a vixilancia directa dun profesor ou persoa responsable.
2. Non están permitidos os xogos violentos así como posuír obxectos perigosos.
- 3.- Non está permitido ensuciar o colexio (tirar papeis, chicles, pipas, etc. ó chan)
- 4.- Non se poderá permanecer fóra das aulas, sen autorización, nas horas lectivas.

- 5.- Non se poderá saír do recinto escolar agás coa autorización do titor ou persoa responsable.
- 6.- Non se poderá xogar con balóns no patio cuberto, salvo en actividades regradas.
- 7.- Non se poderá entrar nas aulas sen permiso.
- 8.- Actuarase con corrección nos actos comunitarios.
- 9.- Non está permitida a falta de puntualidade sen causa xustificada.
- 10.- Nas entradas e saídas e durante a permanencia no edificio escolar actuarase en todo momento con corrección.
- 11.- Non está permitido pintar ou deteriorar paredes, mesas e demais obxectos, tanto do centro como dos compañeiros/as.
- 12.- Non está permitido empolicarse nos muros, canastras, porterías...
- 13.- Respectaranse en todo momento os dereitos dos alumnos e das alumnas, mestres e persoal non docente.
- 14.- Tan pronto como os alumnos e alumnas cheguen no transporte escolar deberán entrar no patio do Colexio.
- 15.- Os alumnos e alumnas deberán entrar nas aulas ó escoitar a sirena, entrarán de forma ordenada, sen correr, dar berros e sen ir ós servicios.
- 16.- Os alumnos e alumnas deben, ó entrar na clase, dirixirse ós seus postos e preparar os útiles necesarios evitando os ruídos innecesarios que poidan molestar ás demais clases.
- 17.- Cando os alumnos e as alumnas se teñan que desprazar dunhas dependencias a outras farano sempre de forma ordenada e sen facer ruído.
- 18.- Nos cambios de clase os alumnos/as non sairán das aulas permanecendo en orde mentras non chega o seguinte profesor.



19.- Non está permitido coller o material do colexio ou dos compañeiros/as sen permiso.

20.- Os alumnos e as alumnas deberán cumprir na súa totalidade os deberes que lles confire o presente Regulamento.

### **NORMAS DE CONVIVENCIA NO COMEDOR ESCOLAR**

**1.- Os alumnos/as deberán colaborar nas seguintes tarefas; poñer e recoller a mesa, servir os alimentos e limpeza do recinto do comedor.**

- No horario de comedor das alumnas e alumnos de Primaria haberá voluntarias/os que colaborarán nas distintas tarefas; de non haber voluntarias/os formaranse tandas semanais escollendo os alumnos e alumnas do terceiro ciclo de Educación Primaria.

**2.- O horario de comedor considérase horario escolar e as normas reflectidas no Regulamento de Réxime Interno estarán vixentes durante ese tempo.**

- Recórdase ás alumnas e alumnos que as actitudes deben ser respectuosas, tanto cos compañeiros/as como coas colaboradoras encargadas da vixilancia e coas cocifeiras.
- Recórdase tamén que hai unhas normas non escritas de hixiene e de comportamento na mesa que deben ser observadas por todas e todos.

### **CORRECCIÓN DAS CONDUCTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA**

#### **A EFECTOS DA GRADACIÓN DAS CORRECCIÓNIS:**

1.- Consideraranse circunstancias paliativas:

**Recoñecemento espontáneo da súa incorrecta conducta.**

**A falta de intencionalidade.**

2.- Consideraranse circunstancias acentuantes:

**A premeditación e a reiteración.**

**Causar dano, inxuria ou ofensa ós compañeiros de menor idade.**

**Calquera acto que fomente a discriminación**

**R.D. 732/1995- TÍTULO IV (Normas de Convivencia) – CAPÍTULO II (Conductas Contrarias ás normas de convivencia: art 48 – 49 – 50)**

Enumeración de conductas LEVEMENTE PERJUDICIAIS Para a convivencia no centro	CORRECCIÓNS (sancións)	PERSOAS/ÓRGANOS COMPETENTES (para <i>corrixir</i> )	REQUISITOS
<p>En xeral, toda conducta contraria ás Normas de Convivencia (art 18 do RRI)</p> <p>DESTÁCANSE:</p> <p>01.- Faltas <i>inxustificadas</i> de puntualidade.</p> <p>02.- Faltas <i>inxustificadas</i> de asistencia.</p> <p>03.- Coller ou deteriorar (non grave) de instalacións, material, obxectos e pertenzas do centro ou dos <i>membros</i> da comunidade educativa.</p> <p>04.- <i>Comportamento</i> indebido durante a celebración de actividades extraescolares e/ou complementarias.</p> <p>05.- Os actos leves de indisciplina, <i>inxurias</i>, ofensas, agresión físicas ou morais, etc, contra os <i>membros</i> da comunidade educativa.</p> <p>06.- A conculcación do <i>contido</i> do artigo 35 do R.D. 732/1995.</p>	a. <i>Amoestación</i> privada ou por escrito	Profesor ou <i>Titor</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Oído o alumno (dar <i>conta</i> ó <i>Titor</i> e ó X.E)</li> <li>Oído o alumno (dar <i>conta</i> ó X., E)</li> </ul>
	b. Comparecencia inmediata ante o X.E	Profesor ou <i>Titor</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Oído o alumno (dar <i>conta</i> ó <i>Titor</i> e ó X.E)</li> <li>Oído o alumno (dar <i>conta</i> ó X.E)</li> </ul>
	c. Realización de traballos específicos en horario <i>non</i> lectivo	<i>Titor</i> ou director e X.E	<ul style="list-style-type: none"> <li>Oído o alumno</li> <li>- Oídos o alumno, o profesor e o <i>Titor</i></li> </ul>
	d) Realización de tarefas que contribúan á <i>mellora</i> das actividades do centro ou dirixidas a reparar o <i>dano</i> causado ás instalacións ou material do centro ou ás <i>pertenzas</i> dos outros <i>membros</i> da comunidade educativa	<i>Titor</i> ou director e X.E	<ul style="list-style-type: none"> <li>Oído o alumno (dar <i>conta</i> ó X.E).</li> <li>Oído o alumno, o profesor e o <i>titor</i></li> </ul>

<p>“O estudo constitúe un deber básico dos alumnos”,  concrétase entre outros deberes en:  6.1. – Seguir as orientacións do profesorado respecto da súa aprendizaxe e mostrarlle o debido respecto e consideración  6.2 Respectar o exercicio do dereito ó estudo dos seus compañeiros.  07.- Incumprimento da normativa sobre a prevención do tabaquismo. (art 17º do RRI).  08.- Non respectar o sistema de préstamo de libros establecido para a biblioteca (art 12º do RRI)</p>			
	e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolar/complementarias	Director e X.E	<ul style="list-style-type: none"> <li>Oídos o alumno, o profesor e o tutor.</li> </ul>
	f) Cambio de grupo do alumno (máximo unha semana)	Director e X.,E	<ul style="list-style-type: none"> <li>Oídos o alumno, o profesor e o tutor.</li> </ul>
	g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases (máximo tres días)	O director por delegación do Consello Escolar	<ul style="list-style-type: none"> <li>O director, oídos o tutor e o equipo directivo, tomará a decisión tras oír ó alumno (cos seus pais, se é menor de idade) en comparecencia da que se levantará acta.</li> <li>O director aplicará h) se a conduta do alumno dificulta o normal desenvolvemento da actividade docente. Deberá comunicalo inmediatamente á Comisión de Convivencia</li> </ul>

## CONDUCTAS QUE PERXUDIQUEN GRAVEMENTE A CONVIVENCIA NO CENTRO

R. D. 732/1995 Título IV: NORMA DE CONVIVENCIA

Capítulo III: CONDUCTAS GRAVEMENTE PERXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA NO CENTRO

**Sección 1ª : Das conductas que perxudiquen gravemente a convivencia no centro( artigos: 51, 52 e 53)**

Enumeración de conductas LEVEMENTE PERJUDICIAIS Para a convivencia no centro	CORRECCIÓNS (sancións)	PERSOAS/ÓRGANOS COMPETENTES (para <u>contaxir</u> )	REQUISITOS
<p>En xeral, toda conduta contraria ás Normas de Convivencia (art 18 do RRI)</p> <p>DESTÁCANSE:</p> <p>01.- Faltas <u>inxustificadas</u> de puntualidade.</p> <p>02.- Faltas <u>inxustificadas</u> de asistencia.</p> <p>03.- Colleir ou deteriorar (non grave) de instalacións, material, obxectos e pertenzas do centro ou dos <u>membros da comunidade</u> educativa.</p> <p>04.- Comportamento indebido durante a celebración de actividades extraescolares e/ou complementarias.</p> <p>05.- Os actos leves de indisciplina, <u>inxurias</u>, ofensas, agresión físicas ou <u>morais</u>, etc. contra os <u>membros da comunidade</u> educativa.</p>	a. <u>Amoestación privada</u> ou por escrito	Profesor ou <u>Titor</u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Oído o alumno (dar <u>conta</u> ó <u>Titor</u> e ó X.E)</li> <li>Oído o alumno (dar <u>conta</u> ó X.E)</li> </ul>
	b. Comparecencia inmediata ante o X.E	Profesor ou <u>Titor</u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Oído o alumno (dar <u>conta</u> ó <u>Titor</u> e ó X.E)</li> <li>Oído o alumno (dar <u>conta</u> ó X.E.)</li> </ul>
	c. Realización de <u>traballos</u> específicos en horario <u>non</u> lectivo	<u>Titor</u> ou director e X.E	<ul style="list-style-type: none"> <li>Oído o alumno</li> <li>- Oídos o alumno, o profesor e o <u>Titor</u></li> </ul>
	d) Realización de <u>tarefas</u> que contribúan á <u>melhora</u> das actividades do centro ou <u>dirixidas</u> a reparar o <u>daño</u> causado ás <u>instalacións</u> ou material do centro ou ás <u>pertenzas</u> dos <u>outros</u> <u>membros da comunidade</u> educativa	<u>Titor</u> ou director e X.E	<ul style="list-style-type: none"> <li>Oído o alumno (dar <u>conta</u> ó X.E).</li> <li>Oído o alumno, o profesor e o <u>titor</u></li> </ul>

(\*) **FALTAS REITERADAS DE ASISTENCIA: Contemplanse no artigo 20<sup>a</sup> do RRI (cupos- correccións- probas extraordinarias...) Título IV – Cap I- Art 44.2]**

<p>06.- A conculación do <u>contido</u> do artigo 35 do R.D. 732/1995:</p> <p>“O estudo <u>constitúe</u> un deber básico dos alumnos”;</p> <p><u>concrétase</u> entre outros deberes en:</p> <p>6.1 – Seguir as <u>orientacións</u> do profesorado respecto da <u>súa aprendizaxe</u> e <u>mostrarlle</u> o debido respecto e consideración</p> <p>6.2 Respetar o <u>exercicio</u> do <u>dereito</u> ó <u>estudo</u> dos <u>seus compañeiros</u>.</p> <p>07.- <u>Incumprimento</u> da normativa sobre a prevención do tabaquismo. (art 17º do RRI).</p> <p>08.- Non respectar o sistema de préstamo de libros establecido para a biblioteca (art 12º do RRI)</p>			
	e) Suspensión do <u>dereito</u> a participar nas actividades extraescolares/complementarias	Director e X.E	<ul style="list-style-type: none"> <li>Oídos o alumno, o profesor e o <u>tutor</u></li> </ul>
	f) Cambio de grupo do alumno (máximo <u>unha</u> semana)	Director e X.E	<ul style="list-style-type: none"> <li>Oídos o alumno, o profesor e o <u>tutor</u></li> </ul>
	g) Suspensión do <u>dereito</u> de asistencia a determinadas clases (máximo tres días)	O director por delegación do <u>Consello</u> Escolar	<ul style="list-style-type: none"> <li>O director, oídos o <u>tutor</u> e o equipo directivo, tomará a decisión tras <u>oir</u> ó alumno (<u>cos seus pais</u>, se é menor de idade) en comparecencia da que se levantará acta.</li> <li>O director aplicará <u>h)</u> se a conduta do alumno dificulta o normal <u>desenvolvemento</u> da <u>actividade docente</u>. Deberá <u>comunicalo</u> inmediatamente á Comisión de Convivencia</li> </ul>
	h) Suspensión do <u>dereito</u> de asistencia ó centro. (máximo tres días lectivos)	O director por delegación do <u>Consello</u> Escolar	

## **PROCEDIMENTO PARA A CORRECCIÓN DAS CONDUCTAS GRAVEMENTE PERXUDICIAIS PARA A CONVIENCIA NO CENTRO**

A instrución do expediente levarase a cabo por un profesor designado polo Director. Este profesor comunicarllelo ós pais.

O/A alumno/a e os/as pais/nais poderán recusar o/a instructor/a ante o Director por falta de obxectividade na instrución.

Excepcionalmente, cando se inicie o procedemento ou en calquera momento. O Director poderá, por decisión propia ou por proposta do instructor, adoptar medidas provisionais cando o estime oportuno. Estas poderán ser:

### **Cambio temporal de grupo**

**Suspensión do dereito de asistencia ó Centro ou a determinadas clases por un periodo non superior a cinco días.**

Estas medidas serán comunicadas ó Consello Escolar, que poderá revocalas.

A instrución do expediente farase nun prazo non superior ós dez días desde que se tivo coñecemento das condutas.

Instruído o expediente, daráselle audiencia ó alumno/a e ós pais, comunicándolles as conductas e as medidas correctoras. O prazo de instrución non será superior a sete días.

Comunicarase o inicio do procedemento ó Servizo de Inspección Técnica e se lle manterá informado.

A resolución do procedemento será nun prazo máximo dun mes. Poderá presentarse recurso contra a resolución do Consello Escolar ante o director Provincial

### **3.3 PROFESORADO**

#### **3.3.1 DEREITOS**

- 1.- Os profesores terán garantida a liberdade de cátedra tendo como límite a Constitución e as leis.
  - 2.- Garántese a reunión de profesores tendo en conta o normal desenvolvemento das actividades docentes.
  - 3.- Tódolos profesores poderán ser electores e elixidos en tódolos órganos colexiados.
  - 4- No desempeño das súas funcións, todo o profesorado ten dereito a impartir as súas clases en condicións que garantan o respecto a súa dignidade persoal e profesional; e será función dos órganos de goberno do centro velar polo exercicio efectivo deste dereito.
  - 5- Participar na elaboración do PEC, PCC, así como no deseño e programación das áreas ou materias do seu departamento
  - 6- Participar nas actividades escolares e extraescolares do centro.
  - 7- Recibir unha formación permanente.
- Dispor dos medios e condicións necesarios para levar a cabo a súa actividade docente e/ou administrativa.

#### **3.3.2 DEBERES**

- 1.- Tódolos profesores teñen o deber de asistir ás reunións de Claustro con voz e voto.
- 2.- Dirixir a formación escolar do alumno.
- 3.- Valorar obxectivamente o rendemento escolar dos alumnos.

- 4.- Cooperar no mantemento e bo uso do material e instalación do Centro.
- 5.- Colaborar na tarefa educativa e no mantemento da orde e da disciplina no Centro.
- 6.- Manter contacto cos pais así como convocalos cando as circunstancias o requiran.
- 7.- Deixar programadas actividades escolares cando non poida asistir á clase.
- 8.- Cumprimentar os documentos oficiais.
- 9.- Ter actualizados os expedientes do seu grupo de alumnos.
- 10 Cumprimento do horario e calendario escolar
- 11.- Participar na organización do Centro a través dos órganos correspondentes así como respectar e cumprir os acordos tomados.
- 12.- Pertencer polo menos a un Equipo docente.
- 13.- Realizar as programacións correspondentes.
- 14.- Actualización pedagóxica na medida do posible.
- 15.- Ter inventariado o material e mobiliario da aula.
- 16.- Cumpri-lo presente Regulamento.

### **ACCIÓN TITORIAL**

**Cada titor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as seguintes funcións:**

- a. Coñecemento das características persoais de cada alumno, sendo fundamental o respecto á análise do expediente persoal do alumno.
- b. Tentar de coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno.
- c. Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza- aprendizaxe dos alumnos para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
- d. Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para alumnos do seu grupo.
- e. Orientar ós alumnos dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- f. Informar ó equipo de profesores do grupo de alumnos das características dos mesmos, especialmente naqueles casos que presente problemas específicos.
- g. De ser o caso, organizar e presidir as sesións de avaliación.
- h. Informar ós pais sobre a evolución persoal, integración no Centro e rendemento académico do seu fillo.
- i. Controlar a falta de asistencia ou puntualidade dos alumnos, e ter informados ós pais ou Titores.
- j. Cumprimentar os documentos oficiais relativos ó seu grupo de alumnos.

## **PERSOAL NON DOCENTE**

### **INTRODUCCIÓN**

O persoal non docente que presta servizos no Centro é un membro máis da Comunidade Escolar. Este carácter de integración na mesma presidirá a definición das súas relacións coa Dirección do Centro, cos/oas profesores/as, cos Pais /nais de alumnos/as, alumnos e alumnas, e demáis persoas ou entidades que se relacionan co Colexio.



**En particular, é destacable a relación cos alumnos, destinatarios últimos de función do Centro Escolar, que debe estar presidida en todo momento polas actitudes de respecto mutuo, colaboración e axuda, contribuíndo así a creación do clima no que ten lugar a Educación.**

#### DEREITOS E DEBERES DO PERSOAL NON DOCENTE:

##### a. Dereitos

Realiza-lo seu traballo nas mellores condicións e cos medios apropiados.

Ser escoitados pola dirección e Consello Escolar cando se propoñan suxestións para mellora-lo funcionamento do Centro.

Participar na vida do centro a través do seu representante no Consello Escolar.

##### b) Deberes

Colaborar nos fins e obxectivos propostos polo centro.

Colaborar coa dirección e o profesorado nas tarefas educativas.

Atende-las persoas que requiran a súa información e axuda.

Os/As conserxes velarán polo bo uso e coidado das instalacións e o mobiliario e comunicarán ao secretario os danos ocasionados e os seus responsables.

#### DEREITOS E DEBERES DOS PAIS E DAS NAIS:

##### a. Dereitos

Colaborar, como primeiros educadores, na educación integral dos seus fillos e das súas fillas.

Ser informados de todo o relativo á ensinanza e formación dos seus fillos e fillas, especialmente faltas de asistencia e resultados de avaliacións.

Solicitar aclaracións e posibles rectificacións sobre o rendemento e avaliación do seu fillo ou filla.

Ser recibidos polo titor ou titora e o profesorado.

Participar no funcionamento do centro a través dos seus representantes no Consello Escolar ou nas asociacións de pais e nais.

##### b) Deberes

Participar activamente na consecución dos fins e obxectivos propostos polo centro. Acudir ao centro cando sexan requiridos pola dirección, titor/a, orientador/a ou profesorado.

Asistir as reunións colectivas convocadas pola dirección outitor/a.

#### **4. ESTABLECIMENTO DAS CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DAS CORRECCIÓNS QUE CORRESPONDAN AO SEU INCUMPRIMENTO**

##### **DIAGNOSE**

Unha vez pasados os cuestionarios a pais profesores e alumnos e unha vez feita unha análise das mesmas (os datos estatísticos están recollidos no anexo) identificamos unha serie de necesidades. Unha vez detectadas, imos propoñermonos unha serie de obxectivos xunto con plans de actuación para tentar afrontalas nos diferentes apartados do plan de convivencia.

##### **Elevado grao de agresividade verbal.**

Os alumn@s diríxense tanto entre eles como cos profesores nun ton elevado, berrando moitas veces e cunha falta en xeral de bo trato. Esta actitude que observamos frecuentemente no ámbito extraescolar vemos que, cada vez con máis frecuencia, está repercutindo e pasando ao ámbito escolar.

Os obxectivos que nos propuxemos para abordar a agresividade son os seguintes:

1.a. Promover actitudes dialogantes e respectuosas entre os alumnos fomentando a escoita activa.

1.b. Reducir o tono elevado utilizado usualmente polo alumnos favorecendo un tono máis axeitado.

1.c. Eliminar aquelas palabras malsonantes e inadecuadas, cando menos no ámbito escolar.

## **Interrupcións frecuentes na aula.**

O alumnado tende a interromper as clases con comentarios fóra de ton, o que non vén ao caso durante as explicacións. Tampoco adoitan respectar as quendas de intervención doutros compañeros e é difícil manter un debate.

Os obxectivos que propoñemos son os seguintes:

2.1. Consensuar unha serie de actividades dentro do plan titorial para traballar o debate e a resolución de conflitos

### **Aumenta o nivel de conflictividade nos periodos lectivos sen presenza directa do profesor.**

Trala revisión das enquisas, detéctase que aqueles conflitos que se producen no centro concéntranse sobre todo nos recreos e nos cambios de clase.

Os obxectivos propostos son os seguintes:

3.1. Concienciar ós alumn@s da importancia dun comportamento axeitado en **tódolos** espazos educativos.

3.2. Fomentar o nivel de autocontrol e regulación entre o alumnado, traballando o autocontrol nas sesións de tutoría.

3.3. Cumprir puntualmente co horario de gardas marcado para o profesorado

### **Falta de tolerancia entre os alumn@s.**

Aínda que nas enquisas do alumnado estes non percibían que houberen problemas de rexeitamento e marxinalidade no centro, nas enquisas do profesorado si que se fixo patente, e dun xeito notable, a falta de tolerancia entre os alumnos. O noso centro non ten case presenza de inmigrantes, pero aínda notamos que os alumnos teñen un certo rexeitamento e desconfianza cara aquilo que non coñecen moi de cerca. Ademais, polas características da zona cunha poboación moi pequena e bastante “tradicional” e pechada ós cambios, vemos como os alumnos teñen certos perxuizos cara ó diferente.

Así visto isto, os obxectivos propostos son os seguintes:

4.1. Educar no respecto as opinións dos compañeiros aínda que sexan distintas das nosas.

4.2. Aprender a detectar prexuizos adquiridos.

4.3. Introducir actividades no Plan de acción titorial que traten estes temas.

#### **Prevención ó inicio temperán no consumo de drogas e ó sexo precoz.**

Aínda que nas enquisas só se preguntaba polo seu consumo no ámbito educativo, imos detectando ó longo do ano unha serie de comportamentos e feitos aillados fóra do centro pero protagonizados por alumnos do mesmo, que nos levan a crearnos a necesidade de traballar e informar ós alumnos destes problemas e sobre todo das súas consecuencias.

5.a. Planificar actividades no Plan de acción titorial no que se aborde o problema das drogas e tamén obradoiros de educación sexual axeitados ás diferentes idades.

#### **Renovación e posta ó día do Regulamento de Réxime Interno e dos documentos asociados ó mesmo.**

Ao longo deste ano atopámonos cunha serie de problemas debido a que o R.R.I. era moi antigo e que nalgunhas cuestións atopábase obsoleto (non se recollía ningunha referencia sobre o uso dos móbiles) e outras falta de operatividade (algúns protocolos de actuación non existían ou simplemente non eran operativos). A raíz dunha serie de

feitos que se deron durante este curso, cremos que era necesaria a modificación do mesmo. Así, establecéronse unha serie de protocolos de actuación.

6.a. Realizar e consensuar un protocolo de actuación ante a reiteración de faltas de asistencia e absentismo escolar.

6.b. Establecer dunha maneira clara o protocolo ante as faltas de orde e unha certa uniformidade de medidas a tomar por parte de todo o profesorado.

6.c. Consensuar o uso do telefono móbil e das novas tecnoloxías dentro do centro

### **4.3 PROTOCOLO DE ACTUACIÓN**

4.1.- Agresividade verbal

4.2.- Absentismo

4.3.- Interrupcións

4.4.- A falta de tolerancia

4.5.- Comportamento no Centro

4.6.- Uso inapropiado de móbiles, cámara de fotos, Mp3/4

4.7.- Roubos e vandalismo

4.8.- Protocolo faltas de orde

4.9.- Protocolo expedientes disciplinarios.

### **PROTOCOLO DE ACTUACIÓN**

Tralo análise das enquisas realizadas ao alumnado, profesorado e membros da comunidade educativa detéctanse unha serie de necesidades que marcan a convivencia no Centro, corrixilas é un os obxectivos deste Plan.

Para iso elaboramos un Protocolo de Actuación que leva implícito a corrección dos incumprimentos das normas de funcionamento e convivencia que se recollen no RRI.

As correccións que se apliquen terán un carácter educativo e recuperador, garantíndose o respecto e os dereitos do resto do alumnado e procurando a mellora das relacións entre todos os membros da comunidade educativa e tendo en conta as situacións persoais de cada alumno ou alumna.

Nas correccións terase en conta:

- a) Ningún alumno ou alumna poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación nin do seu dereito á escolarización.
- b) Non poderán impoñerse sancións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.
- c) As correccións serán proporcionais á conduta do alumno ou alumna e deberá contribuír á mellora do proceso educativo.
- d) Terase en conta a idade do alumno ou alumna no momento de decidir a súa incoación ou sobresemento como a efectos de graduar a aplicación de sancións cando proceda.
- e) Teranse en conta as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumno ou alumna antes de resolver o procedemento corrector.

Para a corrección das distintas problemáticas imos empregar tres tipos de accións:

para PREVIR

para DETECTAR

para RESOLVER

#### *Acción para PREVIR:*

- A Xefatura de Estudos entregará na reunión de principio de curso unha carpeta con documentación referente a condutas conflitivas na aula e fóra dela.
- O titor/a durante as primeiras semanas de clase elaborará as normas de aula coa colaboración do profesorado e alumnado do grupo.

Serán unhas normas claras de funcionamento na aula en coordinación coas do Centro cunha formulación positiva e fomentarán a participación do alumnado en tarefas e responsabilidades do centro.

Nelas recollerase o compromiso do alumnado para :

- A escoita activa: atención, silencio e petición para intervir.
- Respectar a todas as persoas da aula, sen interrompelas nin molestalas.
- Compromiso para respectar todo o material da aula, individual e colectivo.
- Compromiso na asistencia, puntualidade e corrección na aula.

O seu cumprimento será observado por todo o alumnado e profesorado do grupo.

Propostas:

Para que no noso centro se traballe coa colaboración dos titores, profesorado e Departamento de Orientación en programas e obradoiros cuxos obxectivos sexa a mellora da convivencia no centro.

Consideramos que para levar a cabo estas acción e necesarias a cooperación das familias e na súa necesidade de formarse, para iso se fai a proposta da creación da ESCOLA de PAIS E NAIS.

#### *Acción para DETECTAR:*

- Ao comezo do curso entregarase un formulario para que o profesorado de cada grupo sinala aquelas condutas conflitivas que se dean na súa clase, nas gardas e nas actividades nas que participe no Centro.
- No primeiro mes de curso o grupo de profesores da Xunta de Avaliación informará sobre os datos recollidos, para tomar as medidas que fosen necesarias.

Hai problemáticas nas que a resolución ten que ser inmediata no momento que se detecta como en casos de agresividade física, vandalismo ou calquera conduta que supoña unha falta de respecto a calquera membro da comunidade educativa.

Por iso imos especificar as accións a desenvolver en cada unha das problemáticas detectadas.

### **AGRESIVIDADE VERBAL NO CENTRO**

Refírese a un conglomerado de condutas inapropiadas tanto verbais como con xestos que xera problemas de indisciplina por parte do alumnado que impiden un adecuado proceso de ensino e aprendizaxe e que provocan conflitos, xa que o xeito de dirixirse o alumnado entre eles e co resto da comunidade educativa é incorrecta e algunhas veces convértese en ofensiva.

Agora ben, estas condutas de baixa intensidade son atendidas na interacción da aula con estratexias propias do profesorado como profesionais, e en función do contexto. No entanto, o gran risco son os incidentes repetitivos e de maior calado que se producen no centro, que retan a autoridade do profesor/a, minan a súa autoestima, e significan unha dificultade ao abordar e interpretar o sentido da mensaxe que queren comunicar.

#### **Previr**

- Entrega de carpeta con documentación referente a condutas conflitivas por parte da Xefatura de Estudos.

- Normas de aula.
- O profesorado adquirirá os compromisos xerais:
- Alta atención do profesor/a: supervisión e control de posibles desaxustes antes de que ocorran. Prestando especial atención a forma de dirixirse o alumnado entre eles nos recreos e corredores.
- Elaboración participativa de *normas-consecuencias*.
- Promover o éxito. Reforzo positivo.
- Fomentar as boas relacións entre o alumnado e entre profesorado-alumnado.

Proposta para que no centro se traballe coa colaboración dos titores, profesorado e do Departamento de Orientación en programas e obradoiros que teñan como obxectivos:

- Mostrar condutas verbais e non verbais de "escoita activa"
- Identificar emocións e sentimentos das outras persoas.
- Comunicar os propios desexos, opinións, intencións, emocións, sentimentos.
- Saudar de forma adecuada a distintas persoas do seu contorno social.
- Aceptar a propia responsabilidade, ante un fallo cometido, e pedir desculpas adecuadamente nos casos en que sexa preciso facelo
- Responder de modo apropiado ás críticas que proveñan doutras persoas.
- Expresar críticas de xeito adecuado, nos momentos oportunos, á conduta

doutras persoas.

### **Detectar**

- Formulario.
- Informe dos datos recollidos.

A partir deste intre levarase a cabo un seguimento e aplicarase o seguinte protocolo:

- O Titor/a Informaralle ao alumno/a de que se no prazo dunha semana non mellora a súa actitude, os seus pais serán informados.
- No caso de incumprimento o Titor/a xunto co Xefe/a Estudos informará aos pais.

### **Resolver**

As medidas serán graduais en conexión coas Normas de Aula e de Centro.

O profesorado na súa aula:



- Charla breve tras a clase ou no recreo.
- Recordar compromisos, normas.
- Perda do recreo, co profesor/a que tome esta decisión.
- Contrato con acordos/compromisos.

O titor ou a titora do grupo de alumnos/as:

- Entrevista coa alumno/a.
- Nota á familia
- Falar por teléfono coa familia.
- Corrección persoal para reflexionar ou recuperar.

Se a conduta non mellora o profesor/a cumprimenta o impreso de falta de orde que se lle entrega o Titor/a e derivación do alumno/a á Xefatura de Estudos.

### **ABSENTISMO**

A falta de asistencia do alumno/a ao posto escolar non é unha practica habitual no noso centro pero si hai casos de asistencia irregular e desaparicións temporais consentidas pola familia.

#### **Previr**

- A Xefatura de Estudos entregará unha carpeta con documentación referente ao absentismo.
- A titor/a informará na primeira reunión de pais/nais e na primeira reunión de tutoría das consecuencias do absentismo e medidas previstas polo centro.
- Control diario durante todo o curso da asistencia, con rexistro das xustificacións utilizando o parte de faltas de aula..
- As familias adquirirán o compromiso de comunicar ao centro se o alumno/a non asiste ao posto escolar.
- Xustificación das faltas debidamente.

#### **Detectar**

- O titor/ra informará á familia de todas as faltas xustificadas e sen xustificar que se producisen no mes anterior.
- En casos de acumulación significativa de faltas, dun absentismo reiterado, o titor/a comunicará as faltas á familia nun máxio de 15 días.

- Sempre que o titor/a sospeite da autenticidade das xustificacións ou existan faltas sen xustificar , este citará á familia para acudir ao centro, primeiro telefonicamente e se non acudise ou non fose posible, contactará por carta certificada.

### **Resolver**

Sempre que o alumno/a acumule 5 sesións nun mes sen xustificar iníciase o protocolo de actuación.

- Cando se inicie o protocolo, a titora/or informará a Xefatura de Estudos; e poden requirir a colaboración do Departamento de Orientación.
- Esta fase estará totalmente desenvolvida ao mes de constatar a situación de absentismo.
- Cando se esgoten todas as etapas do proceso de intervención e non se presenten outras posibilidades de intervir derivará o expediente de absentismo .

### **Proceso de intervención**

O titor ou a titora do grupo de alumnos/as:

- Rexistro de ausencias e xustificacións semanalmente.
- Solicitud de cita coas familias cando haxa faltas sen xustificar.
- Informará a Xefatura de Estudos cando se decida citar á familia.
- Entrevista coa familia.
- Cando aconteza a 1ª sesión sen xustificar despois da entrevista cos pais o titor/a informará á xefatura de estudos que convocará unha xuntanza entre o titor/a e orientadora e deseñarán un plan de intervención.
- Cando se teña deseñado o plan, a Xefatura citará por escrito á familia. Comunicaráselle o plan e as consecuencias do seu incumprimento.
- Se a situación se reconduce dáse por finalizado o proceso.

Se a situación non se reconduce:

Esgotadas as fases de intervención no centro escolar e acumuladas 20 sesións non xustificadas desde o inicio do proceso de absentismo o titor/a, Xefatura de Estudos e Secretaría do centro envían o expediente de absentismo ao departamento asuntos sociais do concello, con oficio e rexistro de saída dende a secretaria do centro.

Enviarase unha copia de todo o expediente á Inspección Educativa.

- Aos 15 días do envío do expediente o Departamento de Orientación solicitará información aos servizos sociais do Concello e fará un seguimento do caso.

### **INTERRUPCIÓNS NA AULA**

Nas enquisas realizadas unha das necesidades que presenta unha alta porcentaxe é o alto número de interrupcións dentro da aula converténdose nun problema de indisciplina que rompe a dinámica das clases e que impide un adecuado proceso de ensino aprendizaxe, esas condutas se se repiten con frecuencia non permiten ampliar nin reforzar os coñecementos debidos.

Estas condutas de baixa intensidade e pouco repetitivas son atendidas polo profesor na iteración da aula. Se estas condutas se volven reiteradas retan a autoridade do profesor/a , rompen a dinámica do proceso de ensino aprendizaxe e fan máis difícil abordar e interpretar o sentido da mensaxe que se quere comunicar.

### **Previr**

- A Xefatura de Estudos entregará dunha carpeta con documentación referente a condutas conflitivas.
- Normas de aula. O seu cumprimento será observado por todo o alumnado e profesorado do grupo.
- O profesorado adquirirá os compromisos xerais:
- Compromiso de cumprir as normas acordadas e de facelas

cumprir de maneira xusta e imparcial

- Alta atención do profesor/a: corrección no momento que se produce a interrupción.
- Elaboración participativa de *normas-consecuencias*.
- Promover o éxito. Reforzo positivo.

Proposta para que no centro se traballe coa colaboración dos titores, profesorado e do Departamento de Orientación en programas e obradoiros que teñan como obxectivos:

- Saber comportarse democraticamente en grupo.

- Propiciar o respecto polas normas de convivencia en conversacións, discusións e traballos grupais, aceptando as opinións alleas e o pensamento diverxente, e as quendas para falar.
- Axudar aos mozos a adquirir habilidades de comunicación e negociación.
- Contribuír ao desenvolvemento de actitudes e valores que promoven o respecto a si mesmo e aos demais.

### **Detectar**

- Formulario.
- Informe dos datos recollidos.

A partir deste intre, levarase a cabo un seguimento e aplicarase o seguinte protocolo:

- Informaráselle ao alumno/a que a súa actitude non é adecuada e se non mellora os seus pais serán informados.
- No caso de incumprimento o Titor/a xunto co Xefe/a Estudos informará aos pais.

### **Resolver**

As medidas serán graduais en conexión coas Normas de Aula e de Centro.

O profesorado na súa aula:

- Cambio temporal de sitio ou compañía
- Charla breve tras a clase ou no recreo.
- Recordar compromisos, normas.
- Contrato con acordos/compromisos
- Perda de recreo, co profesor/a que tome a decisión.

O titor ou a titora do grupo de alumnos/as:

- Entrevista coa alumno/a.
- Nota á familia
- Falar por teléfono coa familia.
- Corrección persoal para reflexionar ou recuperar.

Se a conduta non mellora o profesor/a cumprimenta o impreso de falta de orde que se lle entrega o Titor/a e derivación do alumno/a a Xefatura de Estudos.

Se a conduta non se reconduce a Xefatura de Estudos pode propoñer un cambio de grupo.

## A FALTA DE TOLERANCIA

Este punto refírese á actitude do alumno cara as opinións dos compañeiros facendo comentarios inapropiados nos que se denota unha serie de prexuízos que en moitas ocasión se converten nunha falta de respecto. Estas actitudes de baixa intensidade son atendidas na interacción da aula con estratexias propias do profesorado como profesionais, e en función do contexto, se son reiteradas fan sentir que as diferenzas non son aceptadas e ter sentimento de acoso por parte do alumnado que a sofre.

### Previr

- A Xefatura de Estudos entregará unha carpeta con documentación.
- Normas de aula.
- O Departamento de Orientación coa colaboración do titor/a programará actividades nas primeiras semanas para traballar este punto.
- O profesorado adquirirá os compromisos xerais
- Alta atención do profesor/a: supervisión da iteración entre o

alumnado na aula, nos recreos e corredores.

- Elaboración participativa de *normas-consecuencias*.
- Promover o éxito. Reforzo positivo.
- Fomentar as boas relacións entre o alumnado e entre alumnado-profesorado.
- Fomentar o traballo en grupo como unha forma de aprendizaxe.

Proposta para que no centro se traballe coa colaboración dos titores, profesorado e do Departamento de Orientación en programas e obradoiros que teñan como obxectivos:

- Fomentar o respecto da igualdade de sexos.
- Ter unha igualdade de trato entre o alumnado en todos os aspectos educativos (curriculares, organizativos, metodolóxicos, actitudinais, etc.)
- Favorecer relacións de amizade, aceptación e cooperación
- Estimular a imaxinación, a creatividade e a fantasía como instrumento de

relación.

- Ser respectuosos coa natureza.
- Contribuír ao desenvolvemento de actitudes e valores que promoven o respecto a si mesmo e aos demais, a tolerancia das diferenzas individuais e a coexistencia pacífica.

- Diseñar e participar en proxectos de cooperación.
- Saber compartir e emprestar os obxectos persoais.

### **Detectar**

- Formulario.
- Informe dos datos recollidos.

A partir deste intre, levarase a cabo un seguimento e aplicarase o seguinte protocolo:

- Informaráselle ao alumno/a que a súa actitude non é adecuada e se non reconduce os seus pais serán informados.
- No caso de incumprimento o Titor/a xunto co Xefe/a Estudos informará aos pais.

### **Resolver**

As medidas serán graduais en conexión coas Normas de Aula e de Centro.

O profesorado na súa aula:

- Charla breve tras a clase ou no recreo.
- Recordar compromisos, normas.
- Contrato con acordos/compromisos.
- Realización dun traballo co profesor que tome a decisión e en colaboración co Departamento de Orientación durante os recreos co cal faga unha lectura positiva da tolerancia.

O titor ou a titora do grupo de alumnos/as:

- Entrevista coa titora/or.
- Nota á familia
- Falar por teléfono coa familia.
- Corrección persoal para reflexionar ou recuperar.

Se a conduta non mellora o profesor/a cumprimenta o impreso de falta de orde que se lle entrega o Titor/a e derivación do alumno/a a Xefatura de Estudos.

### **COMPORTAMENTO NO CENTRO**

Este punto fai referencia ao incumprimento por parte do alumnado dunhas normas mínimas de comportamento, aumentando o grao de conflictividade rematando nalgún

caso en agresividade física nos recreos, nos cambios de clase e nas actividades, así como ao uso inadecuado do material do centro e das instalacións.

Corrixir estas condutas implica o compromiso de toda a comunidade educativa.

### **Previr**

- A Xefatura de Estudos entregará unha carpeta con documentación.
- Normas de aula.
- O titor/a e a Xefatura de Estudos entregarán ao principio de curso unha carpeta ao alumnado coas normas de funcionamento e convivencia.
- O profesorado adquirirá os compromisos xerais
- Alta atención do profesor/a: supervisión do comportamento do

alumnado na aula, nos recreos e corredores.

- Fomentar as boas relacións ente o alumnado e entre profesorado-alumnado.

Proposta para que no centro se traballe coa colaboración dos titores, profesores e do Departamento de Orientación en programas e obradoiros que teñan como obxectivos:

- Revalorizar o centro escolar como un espazo de ensino e de formación.
- Respetar as propiedades dos demais

### **Detectar**

- Formulario.
- Información dos datos recollidos.

A partir deste intre, levarase a cabo un seguimento e aplicarase o seguinte protocolo:

- Informaráselle ao alumno/a que a súa actitude non é adecuada e se non se reconduce os seus pais serán informados.
- No caso de incumprimento o Titor/a xunto co Xefe/a Estudos informará aos pais.

Se detectamos agresividade física entre o alumnado a intervención será inmediata

- Os titores, Xefatura de Estudos e a Orientadora/or reuniranse para deseñar un plan de intervención. Os titores informarán aos pais
- Xefatura de Estudos convocara as partes implicadas e ás familias comunicaráselle o plan de intervención e as consecuencias do seu incumprimento.

## **Resolver**

As medidas serán graduais en conexión coas Normas de Aula e de Centro.

O profesorado na súa aula:

- Charla breve tras a clase ou no recreo.
- Recordar compromisos, normas.
- Contrato con acordos/compromisos.
- Realización dun traballo co profesor que tome a decisión e en colaboración co Departamento de Orientación durante os recreos, cumprimentando tarefas e/ou comprometéndose en cambios de conduta.
- Realización de tarefas comunitarias coordinado polo profesorado.

O titor ou a titora do grupo de alumnos/as:

- Entrevista coa titora/or.
- Nota á familia
- Falar por teléfono coa familia.
- Corrección persoal para reflexionar ou recuperar.

Se a conduta non mellora o profesor/a cumprimenta o impreso de falta de orde que se lle entrega o Titor/a e derivación do alumno/a a Xefatura de Estudos.

Se o comportamento provoca danos materiais o alumno/a abonaría o seu importe.

## **USO INAPROPIADO DE MÓBILES, DE CÁMARA DE FOTOS, MP3/4, ETC.**

No centro detectouse un uso indebido de móbiles, mp3/4, e incluso algunhas veces de cámara de fotos.

Estes feitos levan a que o alumnado cometa unhas infraccións que supoñen unha invasión da privacidade e dos dereitos daqueles que ven exportada a súa intimidade sen quererlo e mesmo sen sabelo.

### **Previr :**

- A Xefatura de Estudos entregará unha carpeta con documentación.
- Normas de aula
- O titor/a informará das medidas previstas polo centro e das consecuencias da utilización ou manexo destes aparatos tanto na aula como no recinto escolar.

### **Detectar**



Informaráselle ao alumnado que no caso de utilizar ou escoitar o móbil na aula perturbando o curso normal da clase considerárase este feito como unha falta grave e enviarase o alumno/a á xefatura de estudos.

### **Resolver**

As medidas tomadas faranse de forma gradual en conexión coas normas establecidas polo centro.

- Charla co alumno/a tras haber infrinxido as normas establecidas polo centro lembrándolle que esta infracción suporá unha amoestación e recollida do móbil ou calquera outro aparato.
- O móbil ou calquera outro aparato será entregado polo xefe de estudos só ós pais dos alumnos.

### **Cámara de fotos e outro tipo de aparatos gravadores ou reprodutores:**

O uso de cámara de fotos ou de calquera aparato gravador ou reprodutor será totalmente prohibido durante o período lectivo a no ser aqueles que teñan un fin didáctico e que sexa supervisado por un profesor.

### **ROUBOS E VANDALISMO.**

Este punto refírese ao incumprimento, por parte do alumnado, dunhas normas mínimas de comportamento, aumentando de este xeito o grao de conflitividade nas aulas, e no Centro debido a:

- Suplantación da personalidade en actos da vida docente e a falsificación ou sustracción de documentos académicos.
- Danos graves causados polo uso indebido nas instalacións, material ou documentación do Centro ou en bens doutros membros da Comunidade educativa.
- Pintar, escribir, luxar mobiliario do Centro e dos membros da Comunidade educativa.
- Roubo ou sustracción dos bens ou materiais do Centro e de calquera pertenza doutro membro da Comunidade educativa.

Corrixir estas condutas implica o compromiso de toda a comunidade educativa.

### **PREVIR**

- A Xefatura de Estudos entregará unha carpeta con documentación.

- O titor/a e a Xefatura de Estudos entregarán ao principio do curso unha carpeta ao alumnado coas normas de funcionamento, e convivencia.
- O titor/a informará ao alumnado a norma de peche da aula ao finalizar as clases nelas, recreos, e final de cada día lectivo.

O profesorado adquirirá os compromisos xerais:

- Alta atención do profesor/a: supervisión do comportamento do alumnado na aula, nos recreos e corredores.
- Promover o éxito. Reforzo positivo
- Fomentar as boas relacións entre o alumnado e entre profesorado-alumnado

## **DETECTAR**

Se o profesorado detecta actos de vandalismo ou roubos levarase a cabo o seguinte protocolo:

O titor/ra informará ao alumnado que a súa actitude non é adecuada e que se avisará os seus pais e enviarase o alumno/a á Xefatura de Estudos.

## **RESOLVER**

O titor/a do alumno/a

- Recollida de información e análise da mesma.
- Charla co alumnado en xeral, e se fose o caso, ademais, co alumno/a en particular.
- Recordar compromisos, normas.

A Xefatura de Estudos, Orientador/a e titor/a

- Realización de tarefas/actividades deberán contribuír á mellora das convivencia no Centro e estarán dirixidas a reparar os danos causados en instalacións, material o pertenzas doutros membros da Comunidade.
- Reposición ou pago dos materiais danados. O alumnado está obrigado a reparar ou facerse cargo do custo económico da reparación (ou adquisición) dos danos que causen de forma intencionada ou por negligencia, nas instalacións, no material do Centro e nas pertenzas de todos os membros da comunidade escolar, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación.

- Suspensión do dereito a participar en actividades extraescolares ou complementarias.

## **PROTOCOLO FALTAS DE ORDE**

As condutas contrarias ás normas de convivencia no centro poderan ser correxidas polos profesores do centro de diferentes xeitos:

- Amoestación privada.
- Ordenarlle a súa comparecencia ante o Xefe de Estudos.
- Mandalo co profesor de garda (no caso de que este poida atendelo) a facer os traballos correspondentes á biblioteca ou outra aula do centro.
- Obrígalo a facer traballos específicos durante o recreo, baixo o control do profesor que lle impuxo a sanción.
- Cambio de sitio na aula.
- Poñerlle unha falta de orde etc

En canto ás faltas de orde, é importante unificar criterios, a principio de curso, entre o grupo de profesor, sobre cales son as condutas merecedoras desta sanción, intentando que a falta de orden sexa o último recurso, xa que a súa acumulación pode provocar mesmo a apertura dun expediente disciplinario ó alumno. O titor debe trasladarlle ós alumnos estas normas a principio de curso.

É importante unificar criterios a nivel de todo o profesorado con respecto as faltas de orde, as súas consecuencias e a súa función.

- As faltas de orde poden ser leves, reiteradas e graves.
- Tódalas faltas de orde deben ser comunicadas, o máis rápido posible, polo titor ós pais ou tutores legais do alumno (mediante carta, teléfono etc).
- Cada ciclo de tres faltas de orde ou só unha, se se considera especialmente grave, provoca unha sanción para o alumno.
- Na segunda falta de cada ciclo o titor deberá chamar os pais do alumno e ter unha reunión con eles ou ben unha conversa telefónica.
- As sanción poden ser diversas, entre elas a expulsión do centro dun a tres días. O número de días dependerá da gravidade das faltas e do número de ciclos de faltas que leve acumulado o alumno ( a máis ciclos de faltas máis días).
- A acumulación de dúas faltas de orde por trimestre motiva a perda do dereito a participar nas actividades extraescolares, quedando durante a súa realización o alumno no centro facendo traballos de estudo.

- A acumulación de seis faltas de orde grave, ou unha condutas gravemente prexudicial para a convivencia no centro provocan a apertura dun expediente a ese alumno.

Tamén é importante a flexibilidade á hora de aplicar as sancións correspondentes por acumulación de faltas de orde, así teremos en conta o arrepentimento do alumno, a intencionalidade, a gravidade das faltas de orde, as situacións personais, a súa idade etc. As decisións sobre estas sancións tomaranas o xefe de estudos e o titor e do alumno, tendo en conta a opinión dos profesores que impuxeron a falta de orde.

## **5. ACOSO ESCOLAR**

### **5.1 PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO.**

#### **INTRODUCCIÓN**

As interaccións e relacións entre iguais inciden no desenvolvemento social dos nenos e adolescentes, pero non sempre estas relacións son de carácter positivo. Na actualidade, nos centros educativos, como mostra do que ocorre no resto da sociedade, estase a vivir unha situación de certo auxe da violencia nas súas diferentes vertentes. A existencia dos conflitos esixe de todos, e particularmente do sistema educativo, unha aprendizaxe para o seu entendemento, a súa xestión e a súa resolución, dentro dun marco de convivencia e cultura da paz. Na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, abórdase por primeira vez no plano legislativo o tratamento de situacións de acoso, partindo da definición destas situacións de acordo cos criterios xeralmente admitidos pola comunidade pedagóxica e inclúe a problemática derivada do mal ou inadecuado uso das novas tecnoloxías e, ademais, recóllense os principios de protección integral das vítimas Finalmente, e xa no seu artigo 30, dispónse que cada centro docente incluírá un protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar no seu Plan de convivencia.

#### **5.2 IDENTIFICACIÓN DO ACOSO ESCOLAR**

As dinámicas de funcionamento, tanto do grupo amplo que forma o alumnado do centro coma do grupo limitado á aula, poden favorecer relacións negativas como o acoso. Outros conflitos escolares non son acoso: meterse un co outro

de xeito amigable e sen intención de facer dano ou as discusións e incluso as pelexas entre alumnado a un mesmo nivel, situados, polo tanto, nun equilibrio de forzas. É importante diferenciar o acoso escolar doutras situacións disruptivas puntuais, que presentan a miúdo unha abordaxe diferente, aínda que requiren tamén dunha resposta efectiva. No artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, incluído no capítulo III titulado “Prevención e tratamento das situación de acoso escolar”, defínese o acoso escolar dicindo: *Para os efectos desta lei, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.*

#### **a) Criterios de identificación do acoso escolar:**

Para poder considerar un comportamento como acoso escolar, deben cumprirse tres criterios diagnósticos, que deben darse simultaneamente:

1. A existencia de intención de facer dano.
2. A repetición das condutas agresivas: os comportamentos de abuso preséntanse reiteradamente no tempo. É un tipo de violencia difícil de identificar, isto é debido a que o acoso case sempre permanece oculto para as persoas adultas, pero o alumnado si ten coñecemento dos sucesos.
3. A desigualdade de poder (desequilibrio de forzas) entre a persoa máis forte e a persoa máis débil.

#### **b) Tipos de acoso escolar:**

Para poder identificar unha situación de acoso, é necesario coñecer tanto as súas formas coma as súas consecuencias. Temos que ter presentes manifestacións de maltrato tanto verbal –a través de insultos, alcumes, desprestixio...– coma físico contra a persoa vítima ou os seus obxectos persoais. Tamén hai que ter en conta posibles situacións de intimidación, tales como ameazas, chantaxes, roubos... e, por último, situacións de illamento. De xeito esquemático podemos considerar os seguintes tipos ou manifestacións:

**Exemplos de exclusión e marxinação social:** minar a autoestima da persoa e fomentar a súa sensación de rexeitamento, marxinação, humillación e ridiculización das súas opinión mediante burlas, xestos de asco, odesprezo ou agresividade. Se pretende illar á persoa do resto de compañeiras ou compañeiros, no grupo e no centro. Con respecto a exclusión, esta cosiste en non dirixirle a palabra, difundir rumores e calumnias, facer comentarios relativos sobre o grupo ao que pertence (sexo, raza, relixión...)e outros.

**Exemplos de agresión verbal:** Palabras insultantes, humillacións, alcumes, ameazas, provocacións, desprestixio ou difusión de falsos rumores, resaltar defectos físicos, outros.

**Exemplos de agresión física:** Incomodar (descolocarlle as cousas, tirar da roupa), intimidacións (ameazas de violencia física, amago de pegarlle...), agresións leves ou graves directas (asustar, golpes illados, empurróns, patadas, puñados, beliscos, golpes, tundas, pegar...), extorsións, furtos, roubos, danar as pertenzas da vítima, agocharlle as cousas (maltrato indirecto) e ata o uso de calquera obxecto para arremeter contra a persoa, outros.

**Exemplos de manifestación a través das TIC:** mensaxes de móbil ofensivas, intimidatorias ou non desexadas; correos electrónicos ofensivos, intimidatorios ou non desexados; utilización da súa imaxe sen permiso, gravacións de sucesos co móbil sen permiso, outros.

Os momentos e os lugares, e mesmo os medios, nos que pode producirse o acoso son múltiples: durante o recreo e nos patios; na fila; nos baños, nos corredores...; na aula, cando a profesora ou o profesor mira o encerado para dar unha explicación ou mentres se atende a algunha alumna ou alumno; nos cambios de clase; no comedor; no transporte escolar; nas entradas o saídas do centro; no exterior do centro; a través do móbil (mensaxes, chamadas anónimas...); por internet, a través das redes sociais, chat ou correo electrónico, outros.

Polas características da vítima pode haber manifestacións específicas de acoso: racista, homofóbico, sexista, dirixido a alumnado con discapacidade...

**c) Consecuencias do acoso escolar:**

Respecto da vítima, son múltiples os síntomas que pode sufrir, pero fundamentalmente concrétese nunha perda de confianza e autoestima, fobia ao centro, ansiedade e depresión e incluso problemas físicos como consecuencia da somatización. Para a identificación destes síntomas resulta fundamental a colaboración das familias.

### **INDICADORES ANTE UN POSIBLE CASO DE ACOSO ESCOLAR**

Cambios nos tempos de chegada e saída do centro educativo.

Cambios nos itinerarios de ida e volta ao centro educativo.

Cambios nas súas relacións persoais (compañeiros / as non habituais.

Busca acompañarse de persoas adultas.

Busca da soidade dentro e fóra do centro.

Abandono de actividades que antes lle interesaban sen razón aparente

Estados de ansiedade.

Desinterese

Cambios de humor

Molestias físicas (vómitos, dores...)

Inseguridade, desconfianza en si mesmo/a

Negativa a falar sobre a situación

Actuacións agresivas (malas contestacións, agresividade con irmáns/ás ou outros membros da unidade familiar...)

Dificultades de concentración nas tarefas escolar

Diminución da calidade dos seus traballos

	Actitude pasiva xeral (tenta pasar sempre desapercibido/a)
	Prefire traballar só/soa
	En actividades de grupo non é elixido/a

As consecuencias que poden reflectirse nunha situación de acoso ou maltrato entre iguais poden ser:

- Para a vítima: pode traducirse en fracaso escolar, trauma psicolóxico, risco físico, insatisfacción, ansiedade, infelicidade, problemas de personalidade, risco para o seu desenvolvemento equilibrado.
- Para a persoa ou persoas agresoras: pode ser a antesala dunha futura conduta delituosa, unha interpretación da obtención de poder baseada na agresión, que pode perpetuarse na vida adulta, e incluso unha supervaloración do feito violento como socialmente aceptable e recompensado.
- Para os/as compañeiros/as observadores/as: pode conducir a unha actitude pasiva e compracente ante unha inxustiza e unha modelación equivocada da valía persoal.

Para erradicar as situacións de acoso escolar, e seguindo a Díaz Aguado, debemos ter presente o seguinte:

1. Intervir ao primeiro sinal, para que a violencia non sexa grave nin se repita.
2. A amizade e a integración como prevención: o traballo propio da aula debe permitir que todo o alumnado teña un grupo de amigos. Isto permitirá, ao mesmo tempo, mellorar a calidade de vida nas escolas e aprender habilidades sociais.
3. Existen tres papeis que hai que previr, intervindo con toda a comunidade educativa: o de persoa agresora, o de vítima e o de persoa espectadora pasiva, que coñece a violencia pero non fai nada para evitala.

## **PROTOCOLO DE ACTUACIÓN**



A persoa responsable da dirección do centro ou, de ser o caso, calquera outro membro do equipo directivo por delegación expresa daquel dirixirá todas as actuacións que se deriven do desenvolvemento do presente protocolo. O protocolo de actuación ten por obxecto que o profesorado dun centro educativo saiba como actuar nos posibles casos de acoso, pois é imprescindible que se actúe de xeito inmediato e decidido tanto co alumnado implicado (víctima, agresor ou agresores e espectadores) coma coas súas familias. Este protocolo precisa da corresponsabilidade da comunidade educativa na xestión dos conflitos, o que supón a revisión e optimización das canles de información, comunicación, participación e o fomento das relacións con outros axentes sociais (servizos sociais, sanitarios, policiais, xurídicos...).

**a) Primeira fase: Coñecemento da situación. Identificación e comunicación:**

Analizar as características específicas de cada caso dispoñendo da información máis completa posible: antecedentes, persoas implicadas, frecuencia e gravidade dos feitos, idade, tipo de maltrato, actitude das familias...

1. Comunicación sobre unha posible situación de acoso escolar: Calquera membro da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias, persoal non docente) que teña coñecemento ou sospeitas, por calquera medio, dunha situación de acoso sobre algún alumno ou alumna ten a obrigaón de poñelo en coñecemento da persoa ou persoas directamente responsables do menor no centro educativo, quen lle trasladará a información ao director ou directora. É imprescindible coidar a confidencialidade e a discreción nos procesos de comunicación.

A continuación, rexistrárase de forma escrita a comunicación desta posible situación de acoso escolar mediante o emprego do anexo I. Neste documento recóllese información sobre a persoa ou persoas que primeiro teñen coñecemento da situación e de como se produce esta, así como do alumnado implicado nesta.

2. Medidas urxentes de protección á presunta vítima: Ao mesmo tempo, a persoa responsable da dirección do centro establecerá as medidas urxentes

oportunas de protección á presunta vítima. Debe primar sempre o interese da presunta vítima sobre calquera outra consideración.

Entre estas medidas urxentes poderán adoptarse as seguintes:

- Vixilancia específica das persoas indicadas.
- Supervisión e vixilancia naqueles lugares onde poida producirse o suposto acoso.
- Medidas cautelares que impidan o contacto entre a suposta vítima e a persoa ou persoas causantes da posible situación de acoso.
- Comunicación e solicitude de colaboración ás familias do alumnado implicado.
- Asignación dunha persoa responsable de atención e apoio á presunta vítima.

3. Designación dunha persoa responsable da atención e apoio á presunta vítima (Anexo II): A persoa titular da dirección do centro ou titular do centro concertado designará unha persoa responsable da atención á presunta vítima entre o profesorado do propio centro. Procurarase, cando sexa posible, que a designación recaia sobre unha persoa coa que a vítima garde unha relación de confianza e proximidade.

4. Primeira comunicación ás familias do alumnado implicado (anexos III e IV): Posteriormente, a persoa responsable da dirección do centro, e coa debida cautela, poñerá a situación en coñecemento das familias do alumnado implicado, para o que empregará a vía de comunicación máis rápida posible, transmitindo tranquilidade e buscando sempre a colaboración das familias. Paralelamente realizarase esta comunicación por escrito a través dos anexos III e IV.

5. Nomeamento dunha persoa responsable da tramitación (anexo V): A dirección do centro designará unha persoa responsable da tramitación do protocolo. Esta persoa será a encargada de comunicarse con todos os suxeitos implicados, de recadar a información necesaria e comunicarlle nunha reunión, da que se redactará a acta, á dirección do centro para adoptar as medidas oportunas e, de ser o caso, será tamén a persoa responsable da tramitación do correspondente expediente disciplinario se definitivamente se conclúe en que se trata dun caso de acoso escolar. En todas as súas actuacións, esta persoa

deberá ter en consideración que, en caso de incoarse un expediente disciplinario, o prazo máximo para a súa resolución será de doce días lectivos dende que se tivo coñecemento dos feitos, tal como recolle o artigo 25.7 da Lei 4/2011. O seu nomeamento debe ser coñecido polo profesorado titor do alumnado implicado, de forma que se facilite a colaboración entre estes e a comunicación de calquera incidencia relevante que puidese acaecer con respecto á situación denunciada.

6. Comunicación a outros profesionais educativos e/ou outros axentes externos (anexo VI): Se se considera necesario e oportuno a persoa responsable da dirección do centro poderá requirir a colaboración doutras instancias externas ao centro (sociais, sanitarias, xudiciais...).

#### **b) Segunda fase: Recollida de información. Rexistro (anexo VII)**

Trátase dunha fase na que o principal obxectivo é o de recadar os datos necesarios para dilucidar se os feitos denunciados constitúen ou non unha situación de acoso escolar. No caso de incoarse expediente disciplinario, toda a información recollida nesta fase formará parte deste expediente, polo que haberá que tomar en consideración os prazos establecidos no artigo 25 da Lei 4/2011. A información debe recollerse dun xeito discreto, por escrito e a través de diversas fontes e procedementos: observación directa e vixilancia, agresións existentes e situacións nas que se producen...; entrevistas individuais con citas previas ao alumno ou alumna acosado/a, alumnado acosador, familia do alumno ou alumna acosado/a e familia do alumnado acosador, titor/a e profesorado de aula, compañeiras ou compañeiros e, se é preciso, persoas relacionadas co centro (coidadores, monitores de actividades extraescolares...), persoas dependentes de outras institucións... A información facilitada recollerá cando menos:

- Datos identificativos do centro e alumnado afectado.
- Persoa que recolle a demanda.
- Persoa que comunica a situación.
- Recollida inicial de datos sobre o tipo e gravidade do acoso denunciado.
- Lugares onde se produce o acoso, aínda que se producise fóra das instalacións do centro.

- Feitos observados

1. Entrevista individual á vítima: O obxectivo desta entrevista será proporcionarlle apoio e protección á alumna ou alumno que o sofre. Hai que ter en conta que posiblemente lle custe falar do tema e que incluso o negue. É importante que nesta primeira toma de contacto se xere nun clima de confianza.

2. Entrevista individual á persoa ou persoas responsable/s do acoso: O obxectivo desta entrevista será o de recoller a información dende o punto de vista da persoa ou persoas agresora/s, amosar a postura do centro de intolerancia cero ante as agresións e que tome ou tomen conciencia das consecuencias da súa conduta para a vítima e para eles ou elas mesmo/as, sen confundir “sermón” con entrevista.

3. Entrevista individual ás persoas observadoras/espectadoras.

4. Entrevista individual ás familias: É preciso informar da postura firme do centro sobre a intolerancia absoluta de cara ás agresións e procurar a colaboración das familias, contándolles as medidas de intervención para a atallar o problema.

5. Solicitude de asesoramento e/ou apoio técnico do departamento de orientación do centro.

6. Solicitude de asesoramento a outros profesionais educativos e/ou organismos ou axentes externos, especialmente no caso de ciberacoso: Axencia Española de Protección de Datos, Policía Local, Policía Autonómica e/ou Unidades de delitos telemáticos da Garda Civil e da Policía Nacional.

### **c) Terceira fase. Análise da información e adopción de medidas.**

Unha vez recadada toda a información sobre os feitos acontecidos, deberá ser comunicada polo responsable da tramitación á dirección do centro, quen precisará se a situación detectada é ou non un caso de posible acoso e, de ser o caso, acordará as medidas que cómpre adoptar, sempre de acordo coas previsións recollidas nas normas de convivencia incluídas nas normas de organización e funcionamento do centro (NOF) As actuacións que constitúan acoso escolar considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e non poderán ser corrixidas sen a previa instrución dun

expediente disciplinario. Cando as situacións conflitivas transcendan dos recursos e competencias do sistema educativo ou cando os órganos responsables do centro sintan que non poden abordar o problema, poderá solicitarse axuda externa e poñelo en coñecemento dos servizos competentes (Policía Nacional, Garda Civil, Fiscalía de Menores, servizos sociais...), aspecto este último que será de obrigado cumprimento nos casos de especial gravidade.

**5.4. Adopción de medidas:** Con independencia de que proceda ou non a instrución dun expediente disciplinario, a persoa responsable da tramitación elaborará unha proposta de medidas que haberá que poñer en marcha no centro, nas aulas afectadas e co alumnado implicado e coas súas familias. A persoa responsable da dirección do centro, tomando en consideración esta proposta, ditaminará as medidas definitivas que hai que adoptar, para o que, se o considera oportuno, poderá solicitar a colaboración do Departamento de Orientación e da Comisión de convivencia do centro.

Medidas de protección á vítima: Vixilancia específica das persoas implicadas (acosada e acosadora/s), solicitude de colaboración familiar para o control e seguimento dos seus fillos ou das súas fillas, asignación dunha “persoa responsable de apoio e atención á vítima, reorganización do horario de profesorado para unha mellor atención do alumno afectado, concertar encontros periódicos para facer seguimento da situación, titoría individualizada (da persoa ou persoas acosadora/s e da vítima) e grupal da súa clase, actividades para desenvolver nas titorías do centro enfocadas á mellora das habilidades sociais e, de ser necesario, cambio de grupo temporal ou definitivo da persoa ou persoas acosadora/s, logo do oportuno expediente disciplinario.

Medidas reeducadoras e correctoras para a persoa ou persoas agresora/s:

Como actuacións complementarias ás medidas correctoras concluídas logo do oportuno expediente disciplinario, é preciso desenvolver coa persoa ou persoas agresora/s medidas reeducadoras coma as seguintes: Elaboración por parte do departamento de orientación de cada centro docente dun programa de habilidades sociais, desenvolvemento de procedementos conciliados para a resolución de conflitos, formación de equipos de mediadores, formación específica sobre as consecuencias da conduta: pedirlle perdón á vítima,

participar en programas de mediación, traballos escritos de reflexión e concienciación sobre os feitos, as súas consecuencias e o xeito de compensar os danos, desenvolvemento da capacidade de empatía, poñernos no lugar do outro ou programas de modificación de conduta, axuda personalizada, desenvolvemento persoal, comportamentos prosociais, estratexias de resolución de conflitos con solucións alternativas á agresión...

Unha vez confirmada a situación de acoso, requirirase da tramitación do oportuno expediente disciplinario conforme o regulado no artigo 25 da Lei 4/2011, e serán de aplicación, de ser o caso, as medidas correctoras correspondentes establecidas na devandita norma e na normativa que a desenvolva.

#### Outras medidas:

Co alumnado: Campañas de sensibilización, mediación e apoio entre compañeiros e compañeiras, actividades que posibiliten o rexeitamento e a denuncia explícita de condutas violentas na convivencia entre iguais

Coas familias docentes: Recoñecer o seu papel como axentes educativos, xunto co profesorado, actuando como portadores de aspectos significativos para o desenvolvemento integral dos seus fillos ou fillas

Co equipo docente: Formación para saber como detectar e intervir na aula ante situacións de acoso escolar

**2. Comunicación á Inspección Educativa:** A persoa responsable da dirección do centro realizará esta comunicación á Inspección Educativa, que se producirá nos seguintes casos: cando se confirma a situación de acoso escolar e se procede á tramitación do correspondente expediente disciplinario, cando haxa coñecemento da existencia de denuncia policial ou denuncia xudicial ou cando o solicite, de oficio, a propia Inspección Educativa.

#### **d) Cuarta fase. Seguimento das medidas adoptadas. Rexistro (Anexo XX):**

Unha vez adoptadas as medidas previstas, é necesario continuar levando a cabo, a través do director ou directora do centro, ou da persoa na que delegue, un seguimento da situación, coa intencionalidade de que non se volva producir e de observar os cambios reais no comportamento individual do alumnado protagonista

## **5.5 ESTRATEXIAS DE PREVENCIÓN:**

1. Estratexias organizativas e de prevención no centro: Potenciar o funcionamento da Comisión da convivencia do centro, reunións periódicas dos titores por niveis co obxecto de deseñar accións conxuntas para a mellora da convivencia no centro, difusión á comunidade educativa, a través de diferentes medios, do plan de convivencia e das NOF.

2. Estratexias de prevención na aula: Realizar actividades de tutoría programadas no grupo referidas a: relacións no grupo, fomento da amizade, tarefas colaborativas, -sensibilización fronte ao maltrato (respecto pola diferenza, promover a empatía emocional, rachar con mitos como o do chivato, aprender a ofrecer e pedir axuda, diferenciar entre amigos/as e compañeiros/as...), conciencia da importancia do coidado das relacións afectivas e emocionais dos adolescentes e análise das relacións interpersoais, dos sentimentos e dos conflitos.

### **O CIBERACOSO:**

O ciberacoso ou cyberbullying é o uso das redes sociais, correo electrónico, blogs e outros ámbitos das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) en prexuízo dunha ou máis persoas, ou da súa imaxe pública. Se comparamos isto con casos típicos de acoso escolar, veremos que, por unha parte, o ciberacoso non supón agresións físicas, pero, por outra, ten moito máis alcance tanto na difusión espacial coma na temporal, cunha continuidade que pode ser permanente e non limitada ao horario escolar. Ante situacións de ciberacoso será de aplicación o establecido no protocolo de acoso escolar que se desenvolve neste documento, para o que se terán en consideración as seguintes particularidades:

- É imprescindible conservar as probas do ciberacoso durante todo o tempo, Para esta conservación poderán capturarse pantallas en modo imaxe e vídeo, imprimir páxinas, copiar ficheiros...
- Tratar de identificar as posibles persoas autoras do ciberacoso (atopar o seu enderezo IP, acudir a especialistas en informática e ás forzas e corpos da seguridade do Estado)

- Contactar coa compañía do medio empregado para cometer o acoso (compañía de teléfono, propietario do dominio ou sitio web etc.), coa finalidade de coñecer o procedemento que cómpre seguir para obter a información necesaria.
- Se é o caso, denunciar o acoso ás forzas e corpos de seguridade do Estado que dispoñen de unidades de delitos informáticos (Policía Nacional, Garda Civil e Policía Autonómica).

## **6. Mecanismos de coordinación e colaboración no desenvolvemento do plan**

O plan de convivencia recollerá os mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.

Ademais, desenvolveranse de maneira coherente, coordinada e desde o compromiso de todos os membros da comunidade educativa todas as actuacións que se seleccionen na súa concreción anual, destacando en todo caso:

- Actuacións previstas para a consecución dos obxectivos, explicitando para cada unha destas as persoas responsables, os recursos dispoñibles e os procedementos que se deben seguir.
- Actuacións conxuntas dos órganos de goberno e de coordinación docente do centro en relación co tratamento da convivencia neste.
- Actuacións conxuntas dos equipos docentes do centro, en coordinación cos que exercen a orientación, para o tratamento da convivencia nos grupos de alumnos e alumnas.
- Actuacións da titora ou do titor e do equipo docente de cada grupo de alumnos e alumnas para favorecer a integración do alumnado de novo ingreso, tanto na aula como no centro.
- Actuacións específicas para a prevención e o tratamento da violencia sexista, racista e calquera outra das súas manifestacións.
- Relación cos diferentes sectores institucionais e sociais do contorno que poidan participar no plan de convivencia, especificando o seu modo de participación e de colaboración.
- Estratexias e procedementos para realizar a difusión, o seguimento e a avaliación do plan.

### **6.1 Seguimento, avaliación e propostas de mellora do plan**



Logo da fase de concreción do plan de convivencia, na que se seleccionan os obxectivos que se pretenden conseguir e se deseñan as accións para a súa consecución, é necesario elaborar o seguimento e avaliación do plan.

Trátase de valorar e mellorar as accións proxectadas para que sexan accesibles, aplicables e eficaces e, de ser o caso, proponer novas accións.

Cada centro educativo establecerá os mecanismos e indicadores para o seguimento e avaliación do plan de convivencia.

Cofecer de cerca a posta en práctica do plan de convivencia permitirá detectar os desaxustes ou dificultades e, con isto, poder corrixilos no momento en que se produzan, garantindo así o seu correcto desenvolvemento.

A comisión de convivencia terá a tarefa de facer un seguimento periódico e sistemático deste e, xa que na súa composición están representados todos os sectores da comunidade educativa, serán os seus membros os encargados de recoller a información de cada un dos seus estamentos para a súa análise, valoración e propostas de realizar os axustes necesarios de xeito inmediato.

Partindo dos indicadores de logro propostos na concreción das actuacións que se van desenvolver e tendo en conta todo o proceso, elaboraranse as ferramentas necesarias para a observación e recollida da información necesaria para a súa avaliación, é dicir, valorar o grao de consecución dos obxectivos propostos.

Trátase de sistematizar a recollida e devolución da información para estar sempre cerca das necesidades das persoas e da realidade do centro.

Para avaliar o plan de convivencia tómanse como referente as actuacións marcadas.

Cada unha delas debe ter diferentes responsables (individualmente, equipos formado para este fin, comisión de convivencia...) e uns prazos para facelo. Nesta avaliación deberemos ter en conta diferentes fontes de información: documentos, rexistros, informes, medios materiais, recursos humanos... (propios ou alleos ao noso alcance), os instrumentos necesarios que faciliten a súa sistematización. Rematados os prazos, analízase o grao de consecución.

Como norma xeral, a avaliación debe ser continua e procesual, debe ser realizada de forma integradora, complementaria, coordinada e conxunta cos procesos de avaliación das aprendizaxes do alumnado. Pode propoñerse unha avaliación logo de cada actuación desenvolvida no plan. Ademais, a comisión de convivencia deberá facer unha avaliación trimestral do plan e ao final do curso elaborará unha memoria anual deste.

Os responsables desta avaliación serán, en primeiro lugar, a comisión de convivencia, o equipo directivo e o consello escolar, coa participación de todos os sectores da comunidade educativa.

Entre os ámbitos e criterios desta avaliación podemos destacar:

- *En relación co contorno social:* relacións centro educativo-institucións do contorno; relacións familia-institucións do contorno; oferta de formación

e ocio das institucións do contorno; plans de mellora da convivencia social...

- *En relación co contorno familiar*: relacións centros-familias; canles de comunicación e de información; participación das familias; espazos e tempos dedicados á relación; estilos educativos das familias; formación das familias...
- *En relación co contorno escolar*: espazos, instalacións e mobiliario do centro; clima de convivencia no centro, nas aulas, nos recreos, cambios de clase...; normas de convivencia do centro e da aula; relacións entre os membros da comunidade educativa; medidas para previr conflitos e formas de resolución; resposta educativa á diversidade...

O equipo directivo dos centros docentes garantirá a participación na avaliación do plan de convivencia de todos os sectores da súa comunidade educativa.

Logo da avaliación do plan de convivencia e en vista dos resultados acadados, o equipo directivo, xunto coa comisión de convivencia, arbitrará un procedemento para que os demais estamentos do centro (claustro de profesores, xunta de delegados e delegadas de alumnos e alumnas, asociacións de alumnado, ANPA...) realicen as propostas de mellora

que consideren pertinentes para incluír na memoria final.

A comisión de convivencia, ao final de cada curso, elaborará a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias.

O consello escolar en pleno, por proposta da súa comisión de convivencia, aprobará ao final de cada curso escolar a memoria do plan de convivencia elaborada pola comisión de convivencia. Esta memoria formará parte da memoria anual do centro.

Correspóndelle aos servizos de Inspección Educativa supervisar a elaboración, desenvolvemento e avaliación do plan de convivencia do centro, así como prestar o asesoramento necesario para tales fins.

É conveniente que cada centro educativo, ao comezo de cada curso escolar, revise o seu plan de convivencia co obxecto de analizar a evolución do estado da convivencia no centro e incorporar ao plan, e sobre todo á súa concreción anual, as propostas de mellora recollidas na memoria do curso anterior.

A consellería con competencias en materia de educación poderá establecer algún procedemento para que, a través de medios electrónicos ou telemáticos, poida procederse á recollida das incidencias en materia de convivencia nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.

## **7. ESTRATEXIAS PARA A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA**

O equipo directivo será o encargado ó comezo do curso de poñer en coñecemento da Comunidade escolar o Plan de Convivencia do Centro.

Será necesario realizar unha reunión cos pais e as nais coa finalidade de poñer no seu coñecemento os aspectos máis relevantes do mesmo. Farase un extracto do plan e remitirase por escrito ós pais ,as nais o no seu caso titores legais

Ademais o titor/titora dará a coñecer na primeira das titorias o Plan de Convivencia do centro e responderá a todas as cuestións que fagan os alumnos .

Unha maior difusión pódese levar a cabo utilizando a colaboración de todos os membros da Comunidade escolar (pais,nais ,alumnos etc ) e pedirilles que participen na elaboración de carteis co obxectivo de mellorar a difusión do mesmo.

Para incrementar a súa difusión se utilizarán tamén: A páxina web do centro , revista escolar(no caso de habela ), trípticos etc.

## **8.PROCESOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA**

É necesario facer : 1- unha avaliación continua e conxunta para levar a cabo o seguimento do Plan e de xeito coordinado cos procesos de avaliación dos aprendizaxes dos alumnos. 2-Facer unha avaliación despois de cada actividade desenvolvida e 3-unha avaliación trimestral levada a cabo pola comisión de convivencia 4-Ó remate do curso este proceso farase constar na Memoria Anual

A avaliación e o seguimento farase tendo en conta os seguintes ámbitos e criterios :

1. Na súa relación co entorno social
  - Relacions entre o centro educativo e as institucións do entorno.

- Relacións entre a familia e as institucións.
  - Oferta de ocio das institucións do entorno
  - Plans da mellora da convivencia
2. Na súa relación co entorno familiar
    - Relación entre os centros e as familias
    - Vías de comunicación e de información
    - Participación das familias
    - Espazos e tempos dedicados a estas relacións
  3. Na súa relación co entorno escolar
    - Espazos ,instalacións e mobiliario do centro
    - Clima de convivencia no centro, nas aulas , nos recreos
    - Normas de convivencia no centro e na aula.
    - Relacións entre os alumnos
    - Relacións entre os profesores e os alumnos
    - Prevención de conflitos e modos de resolución
    - Respostas a diversidade

Os responsables serán o equipo directivo, o equipo dinamizador , a comisión do plan de convivencia e toda a comunidade escolar no seu conxunto.

## **9.PROPOSTAS DE MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA**

O Plan de acción tutorial (PAT) é unha das ferramentas mais axeitadas cara a traballar a convivencia no centro.

1. Elaboración dun plan de acollida para os novos alumnos e as súas familias .
2. Traballar as competencias socio-emocionais, xa que melloran as relacións interpersoais e melloran o rendimento académico. Traballar a autoestima, a empatía , a asertividade a convivencia e a capacidade de resolución de conflitos no centro.
3. Educar en valores :sentimentos e ideas esenciais na vida que son o que fai que esta teña valor.
4. Favorecer a convivencia democrática na aula .Crear un clima axeitado para o aprendizaxe

## **10.PROGRAMA DE MEDIACIÓN**

### **10.1OBXECTIVOS:**

1. Compartir a información e as experiencias sobre os exitos e as boas praticas do

Programa de Mediación.

2. Compartir tamén os problemas atopados e as suas solucións.

3. Aumentar a cohesión entre o Equipo Mediador e a sua obriga con o Programa.

4. Realizar unha avaliación continua da practica do Programa coa intención de conseguir melloras nel.

No que respecta as reunións ,éestas faranse quincenalmente, e a sua duración son será menor a unha hora

4. Farase unha planificación previa das mesmas ,coidando que non coincidan coas saídas e outras actividades propostas ó longo do curso.

5. Sé informará ós docentes cuxas clases coincidan coa reunión de seguementona que estean a participar os seus alumnos.

6. Se organizarán as substitucións dos docentes que participen nas reunions de seguemento.

7. Seleccionar un lugar donde se leve a cabo a reunión quincenal

8. Un dos membros do equipo coordinador encargarse da organización e desenvolvemento da reunión e da preparación dos documentos.

### **10.2 AVALIACIÓN**

A avaliación é necesaria para a mellora e a expansión do plan de Mediación e por tanto para garantir a sua sostenibilidade no tempo e ademais a calidade do seu funcionamento.

Mellorar a toma de decisións e reaxustar aspectos do programa que non funcionen axeitadamente.

#### **ELEMENTOS A TER EN CONTA NA AVALIACIÓN DO PLAN DE MEDIACIÓN**

- Consecución dos obxetivos do programa
- Adestramento do equipo mediador
- Actuación dos mediadores nas sesións de mediación
- O grado de satisfacción das personas que colaboran no programa
- Os resultados do programa de mediación

- O funcionamento das reunións de seguemento

## INSTRUMENTOS QUE APORTAN INFORMACIÓN

- Revisión dos rexistros dos datos acumulados
- Cuestionarios
- Buzón de suxerencias sobre o funcionamento do programa
- Reunións dos grupos de colectivos específicos

O final farase unha Memoria Anual do Programa de Mediación coa participación de todas as persoas implicadas no mesmo. Nela valoraranse as accións realizadas, e a valoración das mesmas, os resultados acadados mediante as diferentes ferramentas e as propostas de mellora.

## 11. EQUIPO DE MEDIACIÓN

A selección dos integrantes do equipo de mediación farase tendo en conta os seguintes criterios :

- Alumnos que reflicten a diversidade da poboación escolar( idade, género, cultura)
- O número de alumnos integrantes fázase segundo o número de alumnos do centro e os espazos disponibles
- Serán tidas en conta as necesidades de adestramento

## FASES PARA A SELECCIÓN DO EQUIPO MEDIADOR ENTRE IGUAIS

O titor fará a presentación do programa de mediación na aula . Ó comezo do curso na hora de tutoría

a)-Descríbese o programa de mediación

1. Farase unha descrición do adestramento necesario para levalo a cabo
2. Descríbese ó alumnado os beneficios de participar no programa de Mediación: Aprender a resolver os conflitos, Mellorar a convivencia ,potenciar a axuda constructiva e ademais ó remate do proceso de adestramento o alumno recibirá un certificado.

b)-Levarase a cabo unha escenificación mediante un xogo de roles(conflicto habitual entre os alumnos )

c)-Explicarase o significado de ser o Mediador entre alumnos .

3.

## CUALIDADES DO MEDIADOR

- Ter ganas de aprender cousas novas.
- Ter gusto por axudar ós outros
- Ter facilidade de palabra
- Ser tranquilo
- Ser respectuoso e paciente cos demais
- Adquirir o compromiso de ser o mediador durante ese ano.

## FUNCIONES DO MEDIADOR

- O mediador debe de recibir un adestramento especial
- Debe respetar os turnos
- Debe encher as fichas de rexistro de mediación
- Debe asistir á reunión quincenal de seguemento
- Recuperar o traballo realizado na aula mentras estaba na reunión de Mediación.
- Asegurar a súa permanencia durante o curso.

## 2.NOMINACIÓN DE CANDIDATOS

No curso correspondente levarase a cabo a nominación de tres formas diferentes : (1):Autonominación, é dicir os alumnos que crean ser axeitados para o posto de mediador presentaranse eles mesmos como candidatos. (2):Cada alumno do grupo propoñe tres compañeiros para o posto e (3) : O titor propoñe outros tres candidatos .Da intersección destas tres vías ,farase a selección dos candidatos mais axeitados para o posto.

## 3.REALIZACIÓN DAS ENTREVISTAS PERSONAIS

Ésta é necesaria para coñecer a motivación e a seriedade dos alumnos .Faráse mediante unha batería de preguntas :

- Se che gustaría ser o mediador e por qué
- Coñeces a moitos alumnos do centro
- Participas en moitas actividades do centro
- Levaste ben ou mal cos outros compañeiros
- Eres capaz de guardar un secreto

- Estarías disposto a recuperar as clases perdidas durante as horas dedicadas as reunións da mediación.

#### 4. SELECCIÓN DOS MEDIADORES .

No caso de que algún deles non fose seleccionado decirlle os motivos.

#### 5. INFORMACIÓN E AUTORIZACIÓN DOS PAIS / TITORES LEGAIS

Este último paso levarase a cabo mediante unha carta dirixida ós pais e as nais , no que explicárase o programa , a forma na que se levou a cabo a selección e as implicacións que conleva .A carta devolverase debidamente asinada ó titor do grupo .

### **12. AULA INCLUSIVA DE CONVIVENCIA**

No artigo 9 do Decreto 19/2007 del 23/01 /2007 faise referencia ó establecemento da chamada aula de convivencia como o espazo destinado ó tratamento individual dos alumnos que como consecuencia da imposición de unha sanción vese privado do seu dereito a participar no desenvolvemento das actividades lectivas. O artigo fai referencia a condutas tipificadas como contrarias as normas de convivencia do centro nos artigos 20 y 23 do citado Decreto.

Ó aula de convivencia constitúe o eixe vertebrador da convivencia no centro e crease nun intento de resolver os conflitos que poidan xurdir nel e como unha alternativa á expulsión .

#### **12.1 OBXETIVOS XERAIS**

1. Creación dun clima de convivencia no centro.
2. Creación de espazos novos onde podan ser resoltos os conflitos mediante unha vía pacífica e reflexiva.
3. Participar no proceso educativo con principios solidarios.
4. Ser unha medida alternativa á expulsión.

#### **OBXETIVOS ESPECIFICOS**

1. Reflexión por parte do alumnado



2. Aprender a responsabilizarse das suas accións os seus sentimentos etc
3. Fomentar a súa autoestima e autocontrol
4. Adquirir disposición favorable para as tarefas escolares
5. Educar ó alumno para a vida
6. Mellorar a súa vida académica.
7. Establecemento dos compromisos de actuación para a mellora da vida escolar.
8. Análisis dos datos xerados na aula de convivencia
9. Acadar unha relación eficaz cos profesores, tutores e o resto do equipo educativo
10. Axudar ó profesorado
11. Educar ós grupos para unha convivencia harmoniosa.

## **12.2 COMPOSICIÓN DA AULA DE CONVIVENCIA**

Persoal voluntario do centro nas súas horas de garda ,ademais un coordinador responsable elixido polo equipo directivo e que se encargue da recollida de datos e de proporcionar a información para a Comisión de convivencia e do equipo directivo.

### **CONDICIONS PARA A DERIVACION DO ALUMNO Á AULA DE CONVIVENCIA**

Para decidir derivalo a unha aula de convivencia como consecuencia da imposición de unha corrección ou Medida disciplinaria por condutas tipificadas como contrarias á convivencia no centro ,establecidas nos artigos 20 e 23 do Decreto 19/2007 do 23/01 han de darse as seguintes circunstancias :

Ser reincidente na súa actitude e conduta contraria ás normas de convivencia

Ter deficiencias na súa autoestima,autocontrol,relacións persoais,disposición para os outros e Integración social.

Han de terse en conta os seguintes aspectos :

- O número máximo de veces que un alumno pode derivarse á aula de convivencia
- O máximo número de días e horas
- A posibilidade de ter na mesma aula simultaneamente máis de dous alumnos

## **12.3 PROCEDIMIENTO DE DERIVACION**

O director do centro verificará que se dan as condicións para derivar ó alumno á aula de convivencia e reunirá ó equipo directivo, Departamento de orientación e os titores para estudar a conveniencia de derivarlo á aula.

O equipo educativo xunto co orientador /a planeará as medidas que considere máis eficaces : Actividades formativas e de reflexión e as presentará ó titor.

La dirección do centro elaborará un informe cos motivos por os que han tomado a decisión de levar ó alumno á aula de convivencia así como os días , as horas, as actividades formativas e de reflexión as cales fará o alumno.

O director comunicará ás familias e a Comisión de Convivencia do centro diante do titor esta decisión.

Será precisamente o titor o que leve a cabo o seguimento da evolución do alumno e comunique despois á familia e ós responsables da aula de convivencia se o proceso evolutivo foi bó.

A aula de convivencia ha de estar coordinada con outras instancias do centro : Orientación, Comisión de Convivencia , Tutorías, aulas de traballo individuais etc

Na sala dos profesores nun ficheiro recolleranse todos os datos correspondentes .

Se confeccionarán fichas de diferentes tipos :

1. De envío á aula de convivencia , nestas figurarán os datos do alumno derivado á aula de convivencia e os do profesor que fixo a derivación, ademais dos motivos da dita derivación
2. De información da aula de convivencia , nestas figurarán ademais dos datos do alumno e do profesor , os nomes dos profesores responsables da aula e un informe detallado dos feitos.
3. De reflexión , destas hais de dous tipos : unha primeira ficha para aqueles alumnos que saen por primeira vez ou segunda con motivos diferentes. Nela figurarán preguntas que fagan que o alumno reflexe sobre a súa conducta ; como por exemplo que aconteceu na aula ? Que poido facer para resolver o problema ? Como me sinto ? O alumno debe facer un compromiso por escrito no que se compromete a modificar a súa actitude .... Hai un segundo tipo de ficha para aqueles que saen por segunda vez e polos mesmos motivos , nestes casos o responsable da aula debe facer que o alumno escriba os compromisos e reflexione sobre que saíu mal e por que así como que poido facer para que saia mellor.

